

rios técnicos concernentes á publicación de información sobre solvencia.

2. Toda norma que se dite en desenvolvemento do que se prevé neste real decreto e poida afectar directamente entidades financeiras suxeitas á supervisión do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ditarase logo de informe destas.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación para o desenvolvemento do réxime transitorio.*

O Banco de España ditará as disposicións necesarias para a aplicación do réxime previsto na disposición transitoria primeira da Lei 36/2007, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro.

Disposición derradeira sétima. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio e a Directiva 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, sobre a adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o previsto no número 2.

2. O disposto na disposición derradeira primeira e na disposición derradeira segunda deste real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2008.

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

**2824** *REAL DECRETO 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro. («BOE» 41, do 16-2-2008.)*

I

A recente Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, incorpora ao dereito español a Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros.

Esta Directiva 2004/39/CE foi desenvolvida en determinados aspectos por outras dúas normas comunitarias: a Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006, pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organi-

zativos e as condicións de funcionamento das empresas de investimento e termos definidos para efectos da devandita directiva, e o Regulamento 1287/2006/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006, polo que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás obrigas das empresas de investimento de levar un rexistro, a información sobre as operacións, a transparencia do mercado, a admisión a negociación de instrumentos financeiros, e termos definidos para efecto da devandita directiva.

Aínda que a lei recolleu algún aspecto limitado da Directiva 2006/73/CE, é necesario completar a transposición da citada directiva. Por tanto, este real decreto ten como obxectivo fundamental finalizar esa transposición e completar o desenvolvemento regulamentario do réxime aplicable ás entidades que prestan servizos de investimento tras os cambios introducidos recentemente na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, afondando nos principios que xa inspiraron a modificación da citada lei.

Estes principios que inspiraron o real decreto e que emanan dos que foron o motor da recente reforma da Lei do mercado de valores son os seguintes: a modernización dos mercados financeiros para os adaptar ás novas necesidades (amplíanse os servizos de investimento, creando, pola súa vez, un novo tipo de empresa de servizos de investimento); o reforzo das medidas dirixidas á protección dos investidores (estabécese no real decreto un amplo catálogo de normas a que debe suxeitarse a actuación dos que presten servizos de investimento); e, por último, a adaptación dos requisitos de organización exixibles ás entidades que prestan servizos de investimento para garantir que, en xeral, a súa organización se adecua á complexa gama de servizos que prestan.

O real decreto actual refunde dous reais decretos (o Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, e o Real decreto 629/1993, do 3 de maio, sobre normas de actuación nos mercados de valores e rexistros obrigatorios) nun único texto normativo, de modo que se establece nunha única norma global o réxime xurídico aplicable ás entidades que prestan servizos de investimento (empresas de servizos de investimento e os seus axentes, entidades de crédito e sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo).

II

O real decreto consta de oitenta e un artigos, divididos nun título preliminar e catro títulos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha derogatoria e cinco derradeiras.

O título preliminar desenvolve as cuestións xerais. Primeiramente, aclara o ámbito de aplicación da norma, sendo preciso distinguir entre as empresas de servizos de investimento, ás cales é de aplicación todo o real decreto, por un lado, e, por outro, as restantes entidades que prestan servizos de investimento, en concreto, entidades de crédito e sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, ás cales lles son de aplicación aqueles artigos relevantes cando prestan servizos de investimento (principalmente, certas normas de organización interna e as normas de conduta). Ademais, o título preliminar recolle unha serie de definicións de conceptos utilizados ao longo do real decreto e detállanse certos requisitos exixibles cando as entidades que presten servizos de investimento proporcionen información aos seus clientes.

O título I establece aspectos fundamentais do réxime das empresas de servizos de investimento, e recolle, en parte, o contido do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, coas novidades introducidas pola Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e incorpora ao dereito espa-

ñol determinados artigos da Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006. En concreto, ao definir os servizos de investimento concrétese o importante concepto de asesoramento financeiro, distinguíndoo doutro tipo de recomendacións que quedan fóra do seu ámbito. Igualmente, ao desenvolver os servizos auxiliares, detállanse determinados aspectos do réxime aplicable aos informes de investimentos e demais recomendacións de carácter xeral sobre instrumentos financeiros.

En canto ao réxime de autorización das empresas de servizos de investimento, optouse por establecer un réxime especial de autorización para as empresas de asesoramento financeiro dado o carácter e a natureza peculiar das funcións que realizan. Igualmente, de acordo coa normativa europea, recoñécese a existencia dun tipo especial de axencia de valores autorizada exclusivamente para a recepción e transmisión de ordes sen tomar fondos nin instrumentos financeiros dos seus clientes, con menores requisitos de capital. Por outro lado, cabe destacar a eliminación da exigencia do informe do Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores nos procedementos de autorización das empresas de servizos de investimento na procura de dotar o procedemento dunha maior axilidade. Por último, o título I completa o réxime aplicable aos axentes das empresas de servizos de investimento establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo.

O título II regula outras cuestións aplicables ao réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento. O capítulo I resulta de gran transcendencia, xa que recolle un amplo elenco de requisitos de organización que deben cumprir, por un lado, as empresas de servizos de investimento e, por outro lado, e en todo caso co alcance que se sinala no título preliminar, as entidades de crédito e sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo. Neste capítulo incorpórase gran parte do articulado da Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006. Aínda que se pode aducir que o ordenamento xurídico español anterior non era totalmente alleo aos novos requisitos de organización interna, o certo é que o novo real decreto regula con amplo detalle as exigencias de organización que as entidades deben cumprir para, entre outras materias, xestionar os seus conflitos de interese, delegar funcións esenciais e servizos de investimento en terceiros, manter rexistros das súas actividades e operacións, controlar as operacións persoais dos seus empregados ou protexer os fondos e os instrumentos financeiros dos seus clientes. En definitiva, esta profusa regulación redunda nunha maior seguranza xurídica por parte dos intermediarios financeiros e, por outro lado, facilita o labor dos organismos supervisores. En calquera caso, a norma respecta, cando resulta necesario, a necesaria proporción entre os requisitos exigidos e o tamaño, natureza e características da actividade realizada pola entidade en cuestión.

Os capítulos segundo e terceiro deste título xa estaban vixentes na normativa anterior e tan só resultan de aplicación ás empresas de servizos de investimento. En concreto, regúlase o réxime financeiro das empresas de servizos de investimento e a capacidade de actuación por conta propia das empresas de servizos de investimento distintas das sociedades de valores.

O título III recolle o réxime de actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento, completando o disposto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e, en definitiva, mantendo o réxime xa vixente na normativa anterior.

### III

O título IV incorpora ao ordenamento xurídico español, xunto co capítulo I do título II, o groso da Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006. Este título resulta de aplicación a todas as entidades que pres-

tan servizos de investimento e establece un completo catálogo de normas que se deben seguir na prestación de servizos de investimento. Este título recolle o testemuño do anterior Real decreto 629/1993, do 3 de maio, sobre normas de actuación nos mercados de valores e rexistros obrigatorios, configurando un réxime normativo moito máis extenso e detallado onde merecen destacarse, ademais das profundas obrigas de información aos clientes, a exigencia de lles realizar un test ou exame de idoneidade ou conveniencia con carácter previo á prestación do servizo, un réxime minucioso para levar a cabo a execución de ordes dos clientes e o establecemento dunha serie de principios que se deberán seguir na tramitación conxunta de ordes de distintos clientes. Debe sinalarse que neste título resulta de vital importancia o distinto tratamento dado de acordo co perfil retallista ou profesional do cliente. Deste modo, o real decreto concilia a necesaria protección que se debe dar aos investidores co establecemento de requisitos que respondan a ese obxectivo e que non supoñan unha custosa, innecesaria e infrutuosa carga tanto para a entidade como para o cliente.

Por último, a disposición adicional única concreta o réxime de comunicación da identidade dos clientes á Comisión Nacional do Mercado de Valores en canto á comunicación de operacións establecida no artigo 59 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; a disposición transitoria primeira concédelles ás entidades que presten o servizo de asesoramento financeiro un prazo dun ano desde a entrada en vigor do real decreto para proceder á necesaria inscrición no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores e a disposición transitoria segunda outórgalle ao supervisor unha habilitación especial para poder adaptar durante os doce meses seguintes á entrada en vigor do real decreto os prazos establecidos no artigo 59 bis da Lei do mercado de valores e na disposición adicional única do real decreto. En canto á disposición derogatoria, sinala expresamente as principais normas que son obxecto de derogación, declarando vixente determinados artigos do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo. En canto ás disposicións derradeiras, cómpre sinalar a disposición derradeira terceira, que introduce determinadas modificacións no Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para, por un lado, aclarar o réxime de normas de conduta que se aplican nese ámbito, así como, por outro lado, traspasar os artigos 3 e 4.1 da Directiva 2007/16/CE da Comisión, do 19 de marzo de 2007, que establece disposicións de aplicación da Directiva 85/611/CEE do Consello, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM) no que se refire á aclaración de determinadas definicións.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 15 de febreiro de 2008,

## DISPÕÑO :

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplícase ás empresas de servizos de investimento.

2. As entidades de crédito que presten servizos de investimento de conformidade co disposto no artigo 65.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores,

estarán suxeitas ao disposto nas seguintes disposicións deste real decreto:

- a) Os artigos 5 e 8 do capítulo I do título I.
- b) Os artigos 27, números 1 e 2 e 28; o artigo 31 en canto á función de cumprimento normativo; o artigo 39 en canto ao depósito de instrumentos financeiros; os artigos 40 e 42; o artigo 43 en canto ao depósito de instrumentos financeiros e as seccións 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> do capítulo II do título II.
- c) O título IV.
- d) Na medida en que resulten de aplicación ás disposicións sinaladas nas letras anteriores, os seguintes artigos deste título preliminar.

3. As entidades de crédito estranxeiras que veñan prestar en territorio español algún dos servizos de investimento previstos no artigo 5 deste real decreto rexeranse polo establecido no Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito, sen prexuízo do disposto no artigo 71 bis da Lei 24/1988, do 24 de xullo, en canto ás sucursais de entidades de crédito comunitarias autorizadas para prestar servizos de investimento en territorio español.

4. Para os efectos do disposto nos dous números anteriores, o Banco de España comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores, co fin de que esta incorpore a información aos seus rexistros, as entidades de crédito estranxeiras ou españolas autorizadas para prestar en España servizos de investimento.

5. As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo que estean autorizadas para realizar as actividades de xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento, asesoramento en materia de investimento, custodia e administración das participacións dos fondos de investimento e, se é o caso, das accións das sociedades de investimento, seranlles de aplicación as seguintes disposicións deste real decreto, na prestación dos mencionados servizos de investimento:

- a) O capítulo I do título II, salvo a sección 2.<sup>a</sup>, da que só resultará de aplicación o artigo 32.
- b) O capítulo I, salvo o artigo 58; o capítulo III; o artigo 79 e o capítulo VI do título IV.
- c) Na medida en que se refiren ás disposicións sinaladas nas letras anteriores, os seguintes artigos do título preliminar e o artigo 5.1.g).

## Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto entenderase por:

- a) Canle de distribución: calquera medio a través do cal a información se difunda ou poida difundirse publicamente, entendendo por tal aquela a que teña acceso un gran número de persoas.
- b) Soporte duradeiro: todo instrumento que lle permita ao cliente almacenar a información dirixida persoalmente a el, de modo que poida recuperala facilmente durante un período de tempo adecuado para os fins para os cales a información está destinada e que permita a reprodución sen cambios da información almacenada.
- c) Persoa competente en relación cunha entidade que presta servizos de investimento:
  - 1.º) Un administrador, socio, cargo directivo ou axente da entidade.
  - 2.º) Un administrador, socio ou cargo directivo de calquera axente da entidade.
  - 3.º) Un empregado da entidade ou dun axente da entidade, así como calquera outra persoa física cuxos servizos se poñan á disposición e baixo o control da entidade ou dun axente da entidade e que participe na realización por parte da entidade de servizos de investimento.

4.º) Unha persoa física que participe directamente na prestación de servizos á entidade ou ao seu axente conforme un acordo de delegación para a prestación por parte da entidade de servizos de investimento.

d) Analista financeiro: a persoa competente que leve a cabo a parte fundamental dos informes de investimentos.

e) Delegación: calquera tipo de acordo entre unha entidade que preste servizos de investimento e un terceiro en virtude do cal este realiza un servizo, proceso ou actividade que noutras circunstancias levaría a cabo aquela.

f) Persoa con que unha persoa competente ten unha relación de parentesco:

1.º) O cónxuxe da persoa competente ou calquera persoa unida a ela por unha relación de análoga afectividade, conforme a lexislación nacional.

2.º) Os fillos ou fillastros que teña ao seu cargo a persoa competente.

3.º) Aqueloutros parentes que convivan con ela, como mínimo, desde un ano antes da data da operación persoal considerada.

g) Operación de financiamento de valores: empréstito ou préstamo de valores ou doutros instrumentos financeiros, operación de venda con pacto de recompra ou operación de compra con pacto de revenda.

h) Alta dirección dunha empresa de servizos de investimento: os administradores e os cargos directivos da entidade os directores xerais e os que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados.

## Artigo 3. *Condicións aplicables á provisión de información.*

1. Cando, de conformidade co disposto neste real decreto, se exixa ás entidades que prestan servizos de investimento a provisión de información aos seus clientes nun soporte duradeiro, as entidades poderán facilitar a información nun soporte distinto do papel cando se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a provisión da información no medio escollido resulte apropiada ao contexto en que a actividade entre a entidade e o cliente sexa, ou vaia ser, levada a cabo.
- b) Que a persoa a quen se lle deba facilitar a información elixa especificamente a provisión de información nun soporte distinto ao papel, cando se lle dá opción de elixir entre os dous soportes.

2. Cando, de conformidade co disposto neste real decreto, unha entidade que preste servizos de investimento facilite información a un cliente a través dun sitio web e esa información non vaia dirixida persoalmente a el, deberanse cumprir os requisitos seguintes:

- a) A provisión da información nese medio deberá resultar axeitada ao contexto en que a actividade entre a entidade e o cliente sexa, ou vaia ser, levada a cabo.
- b) O cliente deberá aceptar expresamente que a información se lle facilite nese soporte.
- c) Deberáselle notificar electronicamente ao cliente o enderezo do sitio web e o lugar no sitio web onde se poida acceder á información.
- d) A información deberá estar actualizada.
- e) A información deberá estar accesible de forma continua a través do sitio web durante o período de tempo que o cliente poida necesitar razoablemente para examinala.

3. Para efectos do disposto nas letras a) dos dous números anteriores, a provisión de información por medio de comunicacións electrónicas considerarase

apropiada se existen probas de que o cliente ten acceso regular á internet. Entenderase que constitúe unha proba válida a comunicación por parte do cliente dun enderezo de correo electrónico para efectos do desenvolvemento da actividade da entidade que presta servizos de investimento.

## TÍTULO I

### Das empresas de servizos de investimento

#### CAPÍTULO I

##### Concepto e tipos de empresas de servizos de investimento

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> RÉXIME XERAL

###### Artigo 4. *Concepto.*

1. Son empresas de servizos de investimento aquelas empresas cuxa actividade principal consiste en prestar servizos de investimento con carácter profesional a terceiros sobre os instrumentos financeiros sinalados no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. As empresas de servizos de investimento réxense pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, por este real decreto, polos restantes reais decretos que desenvolven a lei e polos que lles resulten de aplicación e as súas respectivas disposicións de desenvolvemento.

2. Son empresas de servizos de investimento as seguintes:

- a) As sociedades de valores.
- b) As axencias de valores.
- c) As sociedades xestoras de carteiras.
- d) As empresas de asesoramento financeiro.

###### Artigo 5. *Servizos de investimento e servizos auxiliares.*

1. As empresas de servizos de investimento, conforme o seu réxime xurídico específico, poderán realizar os seguintes servizos de investimento:

- a) A recepción e transmisión de ordes de clientes en relación con un ou máis instrumentos financeiros.
- b) A execución de tales ordes por conta de clientes.
- c) A negociación por conta propia.
- d) A xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento de acordo cos mandatos conferidos polos clientes.
- e) A colocación de instrumentos financeiros.
- f) O aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros.
- g) O asesoramento en materia de investimento, entendéndose por tal a prestación de recomendacións personalizadas a un cliente, sexa por pedimento deste ou por iniciativa da empresa de servizos de investimento, con respecto a unha ou máis operacións relativas a instrumentos financeiros. Non se considerará que constitúa asesoramento, para os efectos do previsto neste punto, as recomendacións de carácter xenérico e non personalizadas que se poidan realizar no ámbito da comercialización de valores e instrumentos financeiros. Tales recomendacións terán o valor de comunicacións de carácter comercial. Así mesmo, tampouco se considerará recomendación personalizada as recomendacións que se divulguen exclusivamente a través de canles de distribución ou ao público.

Para tales efectos, entenderase por recomendación persoal a recomendación realizada a unha persoa na súa calidade de investidor ou posible investidor, ou na súa calidade de representante ou apoderado daquel.

A recomendación deberase presentar como idónea para esa persoa, baseándose nunha consideración das súas circunstancias persoais, e deberá consistir nunha recomendación para realizar algunha das seguintes accións:

- i) Comprar, vender, subscribir, trocar, reembolsar, manter ou asegurar un instrumento financeiro específico.
- ii) Exercer ou non exercer calquera dereito conferido por un instrumento financeiro determinado para comprar, vender, subscribir, trocar ou reembolsar un instrumento financeiro.
- h) A xestión de sistemas multilaterais de negociación.

2. As empresas de servizos de investimento, conforme o seu réxime xurídico específico, poderán realizar os seguintes servizos auxiliares:

- a) A custodia e administración por conta de clientes dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.
- b) A concesión de créditos ou préstamos a investidores, para que poidan realizar unha operación sobre un ou máis dos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, sempre que nesa operación interveña a empresa que concede o crédito ou préstamo.
- c) O asesoramento a empresas sobre estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, así como o asesoramento e demais servizos en relación con fusións e adquisicións de empresas.
- d) Os servizos relacionados coas operacións de aseguramento de emisións ou de colocación de instrumentos financeiros.
- e) A elaboración de informes de investimentos e análises financeiras ou outras formas de recomendación xeral relativa ás operacións sobre instrumentos financeiros.

En calquera caso, as recomendacións (entendendo por tales toda información destinada ao público, relacionada con un ou varios valores ou instrumentos financeiros ou cos emisores destes, incluído calquera informe sobre o valor presente ou futuro ou sobre o prezo dos citados instrumentos, que aconselle ou suxira unha estratexia de investimento) que non cumpran as dúas condicións establecidas no artigo 63.2.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, terán a consideración de comunicacións publicitarias, e as empresas de servizos de investimento que as presenten ou difundan deberán garantir que son identificadas claramente como tales. Ademais, a recomendación deberá conter unha declaración clara e destacada, ou, no caso de recomendacións orais, medida de efecto equivalente, de que aquela non se elaborou con suxeición ás disposicións normativas orientadas a promover a independencia dos informes de investimentos e de que non existe ningunha prohibición que impida a negociación antes da difusión do informe.

f) Os servizos de cambio de divisas, cando estean relacionados coa prestación de servizos de investimento.

g) Os servizos de investimento, así como os servizos auxiliares que se refiran ao subxacente non financeiro dos instrumentos financeiros derivados recollidos nos números 3, 4, 5 e 8 do artigo 2 da Lei 24/1988, do 24 de xullo, do mercado de valores, cando se encontren vinculados á prestación de servizos de investimento ou de servizos auxiliares.

3. Os actos levados a cabo por unha empresa de servizos de investimento que sexan preparatorios para a prestación dun servizo de investimento deben considerarse parte integrante do servizo.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TIPOS DE EMPRESAS DE SERVICIOS DE INVERTIMIENTOArtigo 6. *Tipoloxía.*

1. As sociedades de valores son aquelas empresas de servizos de investimento que poden operar profesionalmente, tanto por conta allea como por conta propia, e realizar todos os servizos de investimento e servizos auxiliares previstos no artigo 5 anterior.

2. As axencias de valores son aquelas empresas de servizos de investimento que profesionalmente só operan por conta allea, con representación ou sen ela.

Poderán realizar os servizos de investimento e os servizos auxiliares previstos no artigo 5 anterior coas seguintes excepcións:

- a) A negociación por conta propia.
- b) O aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros.
- c) A concesión de créditos ou préstamos a investidores para que poidan realizar operacións sobre un ou máis instrumentos dos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. As sociedades xestoras de carteiras son aquelas empresas de servizos de investimento que, con carácter profesional, xestionan, discrecional e individualizadamente, carteiras de investimento de acordo cos mandatos conferidos polos investidores. Así mesmo, poden prestar asesoramento en materia de investimento e realizar os servizos auxiliares seguintes:

- a) O asesoramento a empresas sobre estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, así como o asesoramento e demais servizos en relación con fusións e adquisicións de empresas.
- b) A elaboración de informes de investimentos e análises financeiras ou outras formas de recomendación xeral relativa ás operacións sobre instrumentos financeiros.

4. As empresas de asesoramento financeiro son aquelas persoas físicas ou xurídicas que exclusivamente poden prestar o servizo de investimento de asesoramento en materia de investimento e os servizos auxiliares seguintes:

- a) O asesoramento a empresas sobre estrutura do capital, estratexia industrial e cuestións afíns, así como o asesoramento e demais servizos en relación con fusións e adquisicións de empresas.
- b) A elaboración de informes de investimentos e análises financeiras ou outras formas de recomendación xeral relativa ás operacións sobre instrumentos financeiros.

Artigo 7. *Reserva de denominación.*

1. As denominacións sociais das empresas de servizos de investimento descritas nos artigos anteriores incluírán de forma obrigada a mención á clase de empresa de servizos de investimento de que se trate: «sociedade de valores», «axencia de valores», «sociedade xestora de carteiras», «empresa de asesoramento financeiro», ou as súas abreviaturas «SV», «AV», «SXC» e «EAFI», na correspondencia, impresos, propaganda, contratos e, en xeral, en todas as referencias públicas de calquera clase que proveñan de tales entidades.

2. As empresas de servizos de investimento estranxeiras que actúen en España conservarán a súa denominación orixinal; non obstante, deberán manifestar nas súas referencias públicas, especialmente nas súas relacións coa clientela, o seu carácter de empresas de servizos de investimento, así como o seu réxime de operativa por conta propia ou allea.

3. Ningunha persoa ou entidade que non figure inscrita nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de

Valores poderá utilizar as denominacións e abreviaturas referidas no número 1 deste artigo nin a denominación de «empresa de servizos de investimento» nin calquera outra denominación ou abreviatura que poidan inducir a confusión con elas.

Artigo 8. *Reserva de actividade.*

1. Ningunha persoa ou entidade poderá, sen ter obtido a preceptiva autorización e encontrarse inscrita nos correspondentes rexistros administrativos da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou do Banco de España, desenvolver con carácter profesional ou habitual as actividades previstas no artigo 5.1 e nas alíneas a), b), d), f) e g) do número 2 do artigo 5 deste real decreto, en relación cos instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, comprendendo, para tal efecto, as operacións sobre divisas.

Así mesmo, a comercialización de servizos de investimento e a captación de clientes só as poderán realizar profesionalmente, por si mesmas ou a través dos axentes regulados no artigo 65 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as entidades que estean autorizadas a prestar tales servizos.

2. Para os efectos anteriores, entenderase que concorre a nota de habitualidade cando as actividades vaian acompañadas de actuacións comerciais, publicitarias ou doutro tipo, tendentes a crear relacións de clientela, ou se baseen na utilización de relacións de clientela ou interese doutra orixe. Enténdese que concorre a nota da profesionalidade cando as actividades sexan realizadas a clientes en xeral e de forma remunerada.

## CAPÍTULO II

## Actividades e servizos

Artigo 9. *Programa de actividades.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán ter formulado en todo momento ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores un programa de actividades en que farán constar os servizos de investimento e auxiliares e as actividades accesorias a que se refire o artigo seguinte que realicen, co alcance xeral ou limitado con que pretendan desenvolverlos, detallando, así mesmo, os instrumentos a que se refiren e a organización e os medios de que dispoñen.

2. As empresas de servizos de investimento só poderán prestar, co alcance que corresponda, os servizos que teñan declarados ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores e cumprarán todas as normas que afecten o servizo en concreto, especialmente aquelas que se refiran ás relacións coa clientela. As entidades non poderán realizar servizos non incluídos no seu programa de actividades, nin facelo cun alcance diferente.

Artigo 10. *Actividades accesorias.*

As empresas de servizos de investimento, sempre que cumplan os requisitos establecidos neste real decreto e resolvan de forma axeitada os posibles conflitos de interese entre elas e os seus clientes, ou entre os dos distintos tipos de clientes, poderán prestar os servizos sinalados no artigo 5 deste real decreto referidos a instrumentos non recollidos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, ou outras actividades accesorias que supoñan a prolongación do seu negocio, cando iso non desvirtúe o obxecto social propio da empresa de servizos de investimento.

As empresas de servizos de investimento non poderán asumir funcións exclusivas de sociedades xestoras de

institucións de investimento colectivo, de fondos de pensións ou de fondos de titulización de activos.

#### Artigo 11. *Modificacións do programa de actividades.*

1. O programa de actividades inicial das empresas de servizos de investimento acompañará a solicitude de autorización a que se refire o capítulo III deste título. Toda alteración posterior do programa de actividades deberá someterse ao procedemento previsto no citado capítulo.

Non requirirán autorización do ministro de Economía e Facenda, aínda que deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores, aquelas modificacións do programa de actividades que teñan escasa relevancia por afectaren servizos e actividades non reservadas, a alteración ou redución de servizos e actividades xa autorizados, ou porque así sexan consideradas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en contestación á consulta previa formulada para o efecto pola empresa de servizos de investimento afectada.

2. O ministro de Economía e Facenda poderá denegar a modificación do programa de actividades se se dan os supostos previstos nos artigos 67.1, 70, 70 ter, 70 quáter e título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, entre outros, se estima insuficiente a organización administrativa e contable da entidade, os seus medios humanos e técnicos, os seus procedementos de control interno ou as normas de conduta que adoptase, especialmente se estas non resultan adecuadas para evitar os conflitos de interese que poidan xurdir no desenvolvemento dos servizos e actividades contidos no programa de actividades proposto.

3. No caso de empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, a modificación do programa de actividades quedará condicionada á recepción pola Comisión Nacional do Mercado de Valores dunha comunicación da autoridade supervisora do país de orixe da empresa de servizos de investimento que indique a modificación das actividades que vai realizar en España.

4. O programa de actividades das empresas de servizos de investimento farase constar nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores na forma que esta determine.

### CAPÍTULO III

#### **Autorización e rexistro das empresas de servizos de investimento**

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> RÉXIME XERAL

#### Artigo 12. *Autorización.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 20, correspondalle ao ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, autorizar a creación das empresas de servizos de investimento ou a transformación dunha sociedade nesa categoría.

2. A resolución sobre a solicitude de autorización será motivada e deberase notificar dentro dos tres meses seguintes á súa recepción, ou no momento en que se complete a documentación exigible, e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á recepción da solicitude inicial.

Cando a resolución non sexa notificada no prazo anteriormente previsto, poderase entender desestimada, de acordo co previsto no artigo 66.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. Obtida a autorización e tras a súa constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, as empresas de servizos de investimento, para exercer as súas actividades, deberán quedar inscritas no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Non se practicarán inscricións no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores no caso de que entre a data de autorización e a de solicitude de inscrición no rexistro transcorrese máis dun ano.

#### Artigo 13. *Comunicación á Comisión Europea.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará á Comisión Europea as dificultades que as empresas de servizos de investimento españolas encontren para se establecer ou prestar servizos de investimento nun Estado non membro da Unión Europea.

#### Artigo 14. *Requisitos para exercer a súa actividade.*

1. Serán requisitos para que unha entidade obteña e conserve a súa autorización como empresa de servizos de investimento os seguintes:

a) Ter por obxecto social exclusivo a realización das actividades que sexan propias das empresas de servizos de investimento, segundo a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e este real decreto.

b) Revestir a forma de sociedade anónima. En todo caso, a sociedade deberá ser de duración indefinida, cunha denominación axustada ao previsto no artigo 7 deste real decreto, e as accións ou participacións integrantes do seu capital social deberán ter carácter nominativo.

c) Cando se trate dunha entidade de nova creación, deberase constituír polo procedemento de fundación simultánea.

d) Un capital social mínimo e uns fondos propios non inferiores ás contías exixidas no artigo seguinte e na normativa de solvencia que lle sexa aplicable.

O citado capital social deberá estar totalmente desembolsado en efectivo, cando se trate de nova creación.

No caso de transformación, deberá ser en efectivo o desembolso da diferenza entre o capital social mínimo e o patrimonio neto da entidade que solicite a transformación.

e) Contar cun consello de administración formado por non menos de tres membros. Todos eles, así como os da súa entidade dominante, cando exista, serán persoas de recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional e deberán posuír, polo menos, a maioría en cada consello, coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores para exercer as súas funcións. Tales honorabilidade, coñecementos e experiencia serán exixibles tamén aos directores xerais ou asimilados da entidade e da súa dominante, cando exista. A honorabilidade tamén se lles exixirá ás persoas físicas que representen as persoas xurídicas nos consellos de administración, que tamén deberán ter coñecementos e experiencia adecuados cando iso sexa necesario para asegurar o cumprimento deste requisito pola maioría dos membros do consello de administración.

f) Que conte cos procedementos, medidas e medios necesarios para cumprir os requisitos de organización previstos nos números 1 e 2 do artigo 70 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as normas de conduta establecidas no título VII da lei. En especial, o consello de administración deberá establecer normas de funcionamento e procedementos adecuados para facilitar que todos os seus membros poidan cumprir en todo momento as súas obrigas e asumir as responsabilidades que lles correspondan de acordo coas normas reguladoras do mercado de valores, o Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, ou outras disposicións que sexan de aplicación.

Cando a entidade pretenda prestar servizos por medios telemáticos, deberá dispor dos medios adecuados para garantir a seguranza, confidencialidade, fiabilidade e capacidade do servizo prestado e para o adecuado cumprimento das normas sobre prevención do branqueo

de capitais, de conduta, de control interno e de avaliación de riscos e para o correcto desenvolvemento das normas de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

En todo caso, a entidade deberá contar con procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais, nas condicións establecidas nos artigos 11 e 12 do Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado polo Real decreto 925/1995, do 9 de xuño.

g) Ter un regulamento interno de conduta axustado ás normas reguladoras do mercado de valores; en particular, as contidas no capítulo II do título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as súas normas de desenvolvemento, así como un réxime de operacións persoais dos conselleiros, directivos, empregados e apoderados da empresa que garanta o cumprimento das normas de conduta.

h) Adherirse ao Fondo de Garantía de Investimentos nos termos establecidos pola súa regulación específica. Este requisito non será de aplicación ás empresas de asesoramento financeiro.

i) Ter o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, en territorio nacional.

j) Que presentase un plan de negocios que acredite razoablemente que o proxecto da empresa de servizos de investimento é viable no futuro.

k) Que presentase documentación adecuada sobre as condicións e os servizos, funcións ou actividades que vaian ser delegados, de forma que se poida verificar que este feito non desnaturaliza ou deixa sen contido a autorización solicitada.

2. Posúen coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións nas empresas de servizos de investimento os que desempeñasen, durante un prazo non inferior a tres anos, funcións de alta administración, dirección, control ou asesoramento de entidades financeiras ou funcións de similar responsabilidade noutras entidades públicas ou privadas de dimensión, polo menos, análoga á entidade a que se pretenda acceder.

3. As empresas de servizos de investimento deberán cumprir en todo momento os requisitos previstos no número 1 deste artigo. Non obstante:

a) Só poderá ser revogada a autorización por falta de idoneidade dalgún socio de modo excepcional, de acordo co previsto no número 11 do artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Por falta de honorabilidade comercial ou profesional de conselleiros ou directores, só procederá a revogación se os afectados non cesan nos seus cargos nun mes contado desde o requirimento que, para tal efecto, lle dirixa a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Non se considerará que hai falta de honorabilidade sobrevida pola mera circunstancia de que, estando no exercicio do seu cargo, un conselleiro ou director sexa inculcado ou procesado por algún dos delitos mencionados no artigo 67.2, f), terceiro parágrafo, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

#### Artigo 15. *Requisitos financeiros das empresas de servizos de investimento.*

1. As empresas de servizos de investimento deberán ter un capital social non inferior ás seguintes cantidades:

a) As sociedades de valores, 2.000.000 de euros.

b) As axencias de valores, cando pretendan adquirir a condición de membros de mercados secundarios, ou adherirse a sistemas de compensación e liquidación de valores, ou ben inclúan no seu programa de actividade a

custodia de instrumentos financeiros e poidan manter contas acreedoras de carácter instrumental e transitorio, nos termos previstos no artigo 29.2 deste real decreto, 500.000 euros.

c) As axencias de valores que non pretendan adquirir a condición de membros de mercados secundarios nin adherirse a sistemas de compensación e liquidación, cando non inclúan no seu programa de actividade a custodia de instrumentos financeiros nin a recepción de fondos do público, de forma que, en ningún caso, poidan estar en posición debedora cos seus clientes, 300.000 euros. Cando unicamente estean autorizadas para a recepción e transmisión de ordes sen manter fondos ou instrumentos financeiros que pertencen aos seus clientes, deberán ter:

i) Un capital inicial de 120.000 euros, ou

ii) Un seguro de responsabilidade civil profesional, un aval ou outra garantía equivalente que permita facer fronte á responsabilidade por negligencia no exercicio da súa actividade profesional en todo o territorio da Unión Europea, cunha cobertura mínima de 2.500.000 euros por reclamación de danos, e un total de 3.500.000 euros anuais para todas as reclamacións.

iii) Unha combinación de capital inicial e de seguro de responsabilidade civil profesional que dea lugar a un nivel de cobertura equivalente ao dos incisos i) e ii) anteriores.

d) As sociedades xestoras de carteiras, 100.000 euros.

2. As modificacións do programa de actividades das empresas de servizos de investimento que prevexan a realización de actividades para as cales se requira un capital social superior quedarán condicionadas ao aumento de capital correspondente.

#### Artigo 16. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude de autorización para a creación dunha empresa de servizos de investimento ou a transformación nesa figura deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Proxecto de estatutos sociais, acompañado dunha certificación rexistral negativa da denominación social proposta ou acreditación de que pode usarse lexitimamente.

b) Programa de actividades en que, de modo específico, deberán constar os servizos de investimento, servizos auxiliares e actividades accesorias que se pretenden realizar, indicando sobre que instrumentos se van prestar.

c) Descrición da organización administrativa e contable, os medios técnicos e humanos adecuados ao seu programa de actividades, así como os procedementos de control interno, de acceso e salvagarda dos sistemas informáticos, acompañada, cando for necesario, do correspondente informe por un experto independente.

d) Relación de socios, con indicación das súas participacións no capital social. Tratándose de socios que teñan a consideración de persoas xurídicas, indicaranse as participacións no seu capital que, directa ou indirectamente, representen unha porcentaxe superior ao 5 por 100. No caso de socios que vaian posuír unha participación significativa, achegarase, ademais, se son persoas físicas, información sobre a súa traxectoria e actividade profesional, e se son persoas xurídicas os seus estatutos, as contas anuais e informe de xestión, cos informes de auditoría, de os haber, dos dous últimos exercicios, a composición dos seus órganos de administración e a estrutura detallada do grupo a que eventualmente pertencen.

e) A relación de administradores e dos que deban exercer como directores xerais ou asimilados, con infor-

mación detallada sobre a traxectoria e actividade profesional de todos eles.

f) Regulamento interno de conduta en que, de modo expreso, se prevea o réxime de operacións persoais dos conselleiros, empregados e apoderados da empresa, e demais aspectos establecidos no título VII da Lei do mercado de valores e no título IV deste real decreto que, de acordo co programa de actividades previsto, resulten aplicables á entidade.

En todo caso, caberá exixirilles aos promotores cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste real decreto.

2. Cando se solicite a transformación doutra entidade en empresa de servizos de investimento, ademais dos documentos anteriores, engadirase:

a) Un balance intermedio auditado, cerrado non antes do último día do trimestre anterior ao momento de presentación da solicitude, cunha mención expresa e detalle suficiente das posibles continxencias que puideren afectar a valoración do patrimonio. O balance formularase cos mesmos criterios, estrutura e forma que o que corresponde incluír nas contas anuais.

b) As contas anuais auditadas dos últimos dous exercicios ou desde a súa creación, se esta se produciu durante este período.

c) Escritura pública de constitución das entidades e as súas modificacións posteriores.

3. Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores a creación e xestión dun rexistro de conselleiros e directores xerais das entidades dominantes, que non sexan entidades de crédito, empresas de servizos de investimento ou entidades aseguradoras ou reaseguradoras de empresas de servizos de investimento españolas, onde se deberán inscribir obrigatoriamente os conselleiros, directores e asimilados daquelas.

Para a inscrición nese rexistro, tales persoas deberán comunicar o seu nomeamento dentro dos 15 días seguintes ao da súa aceptación do cargo, incluíndo os datos persoais e profesionais que estableza, con carácter xeral, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e declarar expresamente, no documento que acredite a súa aceptación do cargo, que reúnen os requisitos de honorabilidade e, se é o caso, profesionalidade que lles resulten exixibles e que non se encontran incurso en ningunha limitación ou incompatibilidade establecida nas normas que lles foren de aplicación.

#### Artigo 17. *Denegación da solicitude.*

1. O ministro de Economía e Facenda, mediante resolución motivada, denegará a autorización de creación dunha empresa de servizos de investimento polas causas establecidas no artigo 67.1 da Lei 24/1988, do 24 de xullo, do mercado de valores.

2. Para os efectos do disposto no artigo 67.1.b) da mencionada lei, a honorabilidade comercial e profesional dos accionistas valorarase tendo en conta o previsto no artigo 67.2.f) da citada lei. Esta honorabilidade presumirase sempre cando os accionistas sexan administracións públicas ou entes delas dependentes.

3. Para os efectos do disposto no artigo 67.1.c) da mencionada lei, por vínculos estreitos entenderase todo conxunto de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas unidas mediante:

a) O feito de posuíren, de maneira directa ou indirecta ou mediante un vínculo de control, o 20 por 100 ou máis dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa, ou,

b) Un vínculo de control nos termos do artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

#### Artigo 18. *Autorización de empresas de servizos de investimento suxeitas ao control de persoas estranxeiras.*

As autorizacións que se concedan ás empresas de servizos de investimento que vaian estar controladas, de forma directa ou indirecta, por unha ou varias empresas autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea serán comunicadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores á Comisión Europea, especificando a estrutura do grupo a que pertenza a entidade.

#### Artigo 19. *Operacións societarias.*

1. Para efectos deste real decreto, consideraranse operacións societarias a transformación, fusión, escisión e segregación dunha rama de actividade en que estea implicada, polo menos, unha empresa de servizos de investimento.

2. As operacións societarias están sometidas ao procedemento de autorización e requisitos previstos neste capítulo III.

3. Na tramitación da autorización das operacións societarias, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará:

a) Que o cambio de estrutura da sociedade como consecuencia da operación societaria non poida significar ningunha dos requisitos que para a constitución das empresas de servizos de investimento estean establecidos neste real decreto.

b) Que, cando se produza a desaparición dunha empresa de servizos de investimento, non sufran prexuízos os clientes e que, se for o caso, se liquidarán ordenadamente as operacións pendentes.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir, cando isto resulte necesario, a acreditación de que o capital social e patrimonio neto da entidade resultante dunha operación societaria supera os capitais mínimos establecidos no artigo 15 deste real decreto. Para tal efecto, poderá requirir a presentación de balances auditados, incluídos os das entidades do grupo consolidable, cerrados non antes do último día do trimestre anterior ao momento de presentación da solicitude.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> EMPRESAS DE ASESORAMENTO FINANCIERO

#### Artigo 20. *Autorización.*

A autorización das empresas de asesoramento financeiro corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O procedemento de autorización e rexistro estará suxeito aos prazos e requisitos previstos no artigo 12 deste real decreto. Así mesmo, cando se trate de empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas, bastará coa inscrición no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, polo que a autorización e a inscrición no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores serán simultáneas.

#### Artigo 21. *Requisitos para exercer a actividade.*

1. Para que as empresas de asesoramento financeiro obteñan e conserven a súa autorización, deberán cumprir os requisitos previstos no artigo 14 deste real decreto, coas seguintes especialidades:

a) Ter obxecto social exclusivo para exercer as actividades que lle sexan propias, de acordo co artigo 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) En caso de persoas físicas, deberán ter capacidade legal para exercer o comercio.

c) En caso de persoas xurídicas, revestir a forma de sociedade anónima ou de responsabilidade limitada



constituída por tempo indefinido, debendo, no caso de sociedades anónimas, ter todas as súas accións o carácter de nominativas.

d) Que, cando se trate dunha entidade de nova creación, se constituía polo procedemento de fundación simultánea e que os seus fundadores non reserven vantaxes ou remuneracións especiais de ningunha clase.

e) Contar co capital social totalmente desembolsado en efectivo, en caso de persoas xurídicas, e cumprir cos requisitos financeiros que se establecen no artigo seguinte cando sexan persoas físicas.

f) Que a maioría dos membros do seu consello de administración ou, se é o caso, o seu administrador ou administradores, así como todos os seus directores xerais e asimilados, contén con coñecementos e experiencia adecuados para o exercicio das súas funcións.

Os administradores, os directores xerais e os que desenvolvan funcións de alta dirección, así como os que representen a conselleiros persoas xurídicas deberán ter recoñecida honorabilidade empresarial ou profesional.

g) As persoas físicas que se constituían como empresas de asesoramento financeiro deberán contar con adecuada honorabilidade empresarial ou profesional, así como con coñecementos e experiencia suficientes para o exercicio das súas funcións.

h) Os socios con participación significativa de empresas de asesoramento financeiro deberán cumprir os requisitos de idoneidade previstos no artigo 67 1 b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os cales serán igualmente exixibles en caso de persoas físicas que se constituían como empresas de asesoramento financeiro.

i) Deberán cumprir os requisitos xerais de organización, co alcance que a Comisión Nacional do Mercado de Valores determine, e contar con procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para previr e impedir operacións relacionadas co branqueo de capitais, nas condicións establecidas nos artigos 11 e 12 do Regulamento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado polo Real decreto 925/1995, do 9 de xuño.

j) Cumprir as normas de conduta previstas no título IV deste real decreto.

k) Ter un regulamento interno de conduta axustado ás normas reguladoras do mercado de valores; en particular, as contidas no capítulo II do título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as súas normas de desenvolvemento, así como un réxime de operacións persoais dos conselleiros, directivos, empregados e apoderados da empresa que garanta o cumprimento das normas de conduta.

l) Ter o seu domicilio social e a súa administración central en territorio nacional. En caso de persoas físicas, deberán ter a súa residencia en España.

m) Que presentasen un plan de negocios que acredite a súa viabilidade.

n) Unicamente poderán delegar en terceiros o exercicio de funcións de tipo administrativo.

o) As empresas de asesoramento financeiro non poderán contratar axentes para o desempeño das súas funcións.

2. Poderáselle denegar a autorización a unha empresa de asesoramento financeiro polas causas previstas nos artigos 67.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e 17 deste real decreto.

3. A autorización das empresas de asesoramento financeiro poderase revogar nos supostos previstos no artigo 73 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e no artigo 14.3 deste real decreto.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o réxime relativo ás modificacións posterior-

res á inscrición destas entidades no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

#### Artigo 22. *Requisitos financeiros.*

1. As empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas xurídicas deberán ter:

i) Un capital inicial de 50.000 euros, ou

ii) Un seguro de responsabilidade civil profesional que cubra todo o territorio da Unión Europea, aval ou outra garantía comparable para facer fronte á responsabilidade por negligencia profesional no exercicio da súa actividade profesional en toda a Unión Europea, cunha cobertura mínima de 1.000.000 de euros por reclamación de danos e un total de 1.500.000 de euros anuais para todas as reclamacións.

iii) Unha combinación de capital inicial e de seguro de responsabilidade civil profesional que dea lugar a un nivel de cobertura equivalente ao dos incisos i) e ii) anteriores.

En caso de transformación doutra entidade, os recursos propios no momento da inscrición deberán alcanzar, polo menos, a contía sinalada na letra i) anterior.

2. As empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas físicas deberán cumprir o disposto no inciso ii) do número anterior.

#### Artigo 23. *Requisitos da solicitude.*

A solicitude de autorización e inscrición dunha empresa de asesoramento financeiro deberá ir acompañada dos documentos que estableza para tal efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

### CAPÍTULO IV

#### **Axentes das empresas de servizos de investimento**

#### Artigo 24. *Contratación de axentes.*

1. O exercicio da actividade dos axentes das empresas de servizos de investimento está sometido á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá establecer requisitos adicionais para a cobertura dos riscos derivados de incumprimentos ou fraudes provenientes da súa actividade.

2. Poderá actuar como axente dunha empresa de servizos de investimento calquera persoa física ou xurídica, coa excepción:

a) Das persoas físicas ligadas por unha relación laboral á propia entidade ou a calquera outra que preste servizos de investimento sobre os instrumentos previstos no artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Das persoas físicas ou xurídicas que actúen como axentes doutra empresa de servizos de investimento ou como axentes de entidades de crédito que presten servizos de investimento, salvo que ambas as entidades pertencen ao mesmo grupo.

3. A actuación como axente das persoas xurídicas quedará condicionada á compatibilidade da citada actividade co seu obxecto social.

4. Os axentes das empresas de servizos de investimento deberán cumprir os requisitos previstos na alínea f) do número 1 do artigo deste real decreto, así como, cando sexan persoas xurídicas, os previstos nas alíneas d) e e) dese número, todo isto coas adaptacións precisas que, de ser o caso, determine o ministro de Economía e Facenda para as persoas físicas e xurídicas.

**Artigo 25. Réxime da representación.**

1. As empresas de servizos de investimento que designen axentes serán responsables do cumprimento por estes de todas as normas de ordenación e disciplina do mercado de valores nos actos que realicen.

2. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 65 bis.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as empresas de servizos de investimento deberán dispor dos medios necesarios para controlar de forma efectiva a actuación dos seus axentes e facer cumprir as normas e procedementos internos das entidades que lles resulten aplicables. Para tal fin, con anterioridade á formalización do negocio xurídico de representación ou apoderamento, deberán comprobar a suficiencia e adecuación da organización administrativa e dos medios, dos procedementos operativos, de control interno e contables e, se é o caso, dos sistemas informáticos que vaian utilizar aqueles no desenvolvemento ulterior das súas actuacións. No caso de que a representación se lle vaia outorgar a unha persoa xurídica, as comprobacións anteriores estenderanse á súa situación económico-financeira. As empresas de servizos de investimento condicionarán a contratación dos axentes á comprobación satisfactoria dos aspectos mencionados neste parágrafo.

De igual maneira, as empresas de servizos de investimento imporánlles aos axentes que as súas actuacións se realicen de acordo cos procedementos operativos, de control interno e contables que para tal efecto desenvolvan as empresas ás cales representan, en especial no referido a efectivo ou instrumentos de pagamento, así como impor a utilización de sistemas informáticos que aseguren unha adecuada integración dos datos e informacións entre os axentes e a empresa á cal representen. Para estes efectos, os axentes deberán permitir e colaborar naquelas auditorías operativas, de procedementos e control interno que sobre tales procedementos e sistemas leven a cabo as empresas ás cales representan. As empresas de servizos de investimento condicionarán, se é o caso, o mantemento do negocio xurídico de representación ou apoderamento ao cumprimento polos seus axentes destas medidas.

3. Sen prexuízo do correspondente apoderamento notarial inscrito no Rexistro Mercantil en que se detalle o alcance da representación e o seu ámbito xeográfico, o contrato privado de representación realizarase por escrito e especificará, de forma exhaustiva, o ámbito das operacións e servizos en que poderá actuar o axente, o sistema de cobramentos e pagamentos á clientela, o sistema de facturación, liquidación e cobramento dos servizos de representación, e o réxime excepcional das operacións persoais do axente, conforme o previsto nos artigos 34 e 35 deste real decreto.

4. Toda entrega ou recepción de fondos deberase realizar directamente entre a empresa de servizos de investimento e o investidor, sen que os fondos poidan estar, nin sequera de maneira transitoria, en poder ou en conta do representante. Exceptúase a recepción ou entrega de fondos mediante efectos nominativos, ben a favor da empresa de servizos de investimento ben a favor do investidor, segundo corresponda.

5. En ningún caso os valores ou instrumentos financeiros dos clientes poderán, nin sequera transitoriamente, estar en poder ou en depósito dos axentes, debendo quedar depositados directamente a nome daqueles.

6. Os mandatos con poderes para unha soa operación deberanse formular, igualmente, por escrito e detallarán, de forma específica, a operación singular de que se trate e todos os aspectos a que se refire o número 3 anterior. Así mesmo, deberá figurar a sinatura de aceptación do mandatario ao poder recibido.

**Artigo 26. Comunicación e publicidade das relacións de representación.**

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá reclamar das empresas de servizos de investimento representadas e dos seus axentes cantas informacións xulgue necesarias sobre os extremos relacionados coas materias obxecto da súa competencia.

2. De conformidade co disposto no artigo 65 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as empresas de servizos de investimento exixirán dos seus axentes que poñan de manifesto a súa condición en cantas relacións establezan coa clientela, identificando a entidade que representan e o ámbito do poder recibido. Neste sentido, os axentes están obrigados a exhibir o citado poder a todos os clientes que o soliciten.

3. As empresas de servizos de investimento deberán dispor dun arquivo, cuxo contido determinará a Comisión Nacional do Mercado de Valores, relativo ao soporte documental das relacións de axencia establecidas e os mandatos outorgados.

**TÍTULO II****Outras cuestións do réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das restantes entidades que prestan servizos de investimento****CAPÍTULO I****Requisitos organizativos****SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ORGANIZACIÓN****Artigo 27. Requisitos xerais de organización.**

1. En desenvolvemento do disposto no artigo 70 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as entidades que presten servizos de investimento deberán cumprir os seguintes requisitos, tendo en conta a natureza, escala e complexidade da súa actividade empresarial e a natureza e gama dos servizos prestados:

a) Empregar persoal coas cualificacións, os coñecementos e a experiencia necesarios para desempeñar as funcións que se lles asignen.

b) Levar un rexistro ordenado e adecuado da súa actividade e organización interna.

c) Garantir que as persoas competentes cumpren os seus distintos cometidos de forma adecuada, honesta e profesional.

2. As empresas de servizos de investimento deberán establecer, aplicar e manter sistemas e procedementos para salvagardar a seguranza, integridade e confidencialidade da información que sexan adecuados en función da natureza da información de que se trate.

3. De acordo co disposto no artigo 70 ter.2.b) da citada lei, as entidades deberán contar cunha política de continuidade e regularidade na prestación dos seus servizos que garanta, en caso de interrupción dos seus sistemas e procedementos, a preservación de datos e funcións esenciais e o mantemento de servizos de investimento ou, cando isto non sexa posible, a oportuna recuperación de tales datos e funcións e o reemprendemento dos servizos de investimento.

4. De acordo co disposto no artigo 70 ter.2.a) da citada lei, as entidades deberán contar con procedementos contables que lles permitan presentar oportunamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, por pedido desta, informes financeiros que ofrezan a imaxe fiel do patrimonio, da súa situación financeira e dos seus

resultados e que cumpran as disposicións e normas contables en vigor.

5. As entidades deberán realizar un seguimento e avaliación periódica da adecuación e eficacia dos seus sistemas, mecanismos de control interno e medidas establecidas de conformidade co disposto nos números anteriores deste artigo. Así mesmo, deberán adoptar medidas adecuadas para corrixir as posibles deficiencias.

#### Artigo 28. *Función de cumprimento normativo.*

1. As entidades que prestan servizos de investimento deberán establecer, aplicar e manter medidas e procedementos adecuados para detectar calquera risco de incumprimento por parte da empresa das obrigas impostas polas normas que resulten de aplicación, así como os riscos asociados, e para minimizar eses riscos e permitir que a Comisión Nacional do Mercado de Valores exerza as súas facultades de maneira efectiva.

2. Para garantir que a función de cumprimento normativo se desenvolve de forma adecuada e independente, as entidades que presten servizos de investimento deberanse asegurar de que se cumpren as seguintes condicións:

a) A unidade que garante o desenvolvemento da función de cumprimento normativo deberá estar dotada da autoridade, os recursos e a experiencia necesarios e deberá ter acceso a toda a información pertinente.

b) Deberase nomear un responsable do cumprimento, que estará a cargo do desenvolvemento da función de cumprimento, así como do informe sobre cumprimento para a alta dirección da entidade.

c) As persoas encargadas de garantir o desenvolvemento da función de cumprimento non poderán participar na prestación dos servizos e actividades que controlan.

d) O sistema para fixar a remuneración das persoas sinaladas na alínea anterior non deberá comprometer, nin real nin potencialmente, a súa obxectividade.

En calquera caso, a entidade non estará obrigada a cumprir o disposto nas alíneas c) e d), sempre que, en función do tamaño, natureza, escala e complexidade das súas actividades e da natureza e gama dos seus servizos de investimento, poida demostrar que o cumprimento de tales requisitos non resulta proporcionado, e que o funcionamento da unidade segue sendo eficaz.

#### Artigo 29. *Xestión de riscos.*

1. De conformidade co disposto no artigo 70 ter.2.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán adoptar as seguintes medidas:

a) Establecer, aplicar e manter procedementos e políticas de xestión do risco que permitan determinar os riscos derivados das súas actividades, procesos e sistemas e, de ser o caso, establecer o nivel de risco tolerado pola entidade.

b) Adoptar medidas, procesos e mecanismos eficaces para xestionar os riscos conexos ás actividades, procesos e sistemas da entidade en función do seu nivel de tolerancia do risco.

c) Comprobar:

i) Que as políticas e procedementos de xestión do risco da empresa son adecuadas e eficaces.

ii) O nivel de cumprimento pola entidade e polas súas persoas competentes das medidas, procesos e mecanismos indicados na alínea b) anterior.

iii) Que as medidas adoptadas para facer fronte a calquera posible deficiencia nas políticas, procedementos, medidas, procesos e mecanismos son adecuadas e eficaces, indicando aqueles casos en que o persoal da empresa non cumpra tales medidas, procesos e mecanismos, ou non aplique as políticas e procedementos.

2. Cando resulte proporcionado en función da natureza, escala e complexidade da súa actividade empresarial e da natureza e gama de servizos de investimento que presten, as empresas de servizos de investimento deberán crear e manter unha unidade de xestión de riscos que funcione de maneira independente e que desenvolva as seguintes funcións:

a) Aplicación da política e dos procedementos sinalados no número 1.

b) Elaboración de informes e prestación de asesoramento á alta dirección da entidade.

Independentemente da existencia ou non do órgano de xestión de riscos, todas as empresas de servizos de investimento deberán poder demostrar que as políticas e procedementos adoptados de conformidade co disposto no número anterior cumpren o disposto nel e son eficaces.

#### Artigo 30. *Auditoría interna.*

1. A función de auditoría interna deberá informar sobre os asuntos de auditoría interna a alta dirección.

2. Así mesmo, a función de auditoría interna deberá ser desempeñada por un órgano independente cando resulte proporcionado á luz da natureza, escala e complexidade da súa actividade e da natureza e gama dos servizos de investimento que preste a entidade.

#### Artigo 31. *Responsabilidade da alta dirección.*

1. A alta dirección debe garantir que a empresa cumpre as obrigas que lle impón a Lei 24/1988, do 28 de xullo, e as súas disposicións de desenvolvemento. En particular, deberá avaliar e revisar, coa periodicidade que se decida en función do tamaño da entidade, a complexidade na xestión dos seus riscos e a natureza dos servizos de investimento prestados e, polo menos, anualmente, a eficacia das políticas, medidas e procedementos establecidos para cumprir coas obrigas que lle impón á entidade a lei e adoptar medidas para facer fronte ás posibles deficiencias.

2. A alta dirección deberá recibir con certa periodicidade e, polo menos anualmente, informes escritos sobre cumprimento normativo, xestión de riscos e auditoría interna. Nestes informes deberase sinalar, en particular, se se adoptaron medidas adecuadas para corrixir as deficiencias aparecidas, de ser o caso.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> REXISTROS OBRIGATORIOS

#### Artigo 32. *Mantemento de rexistros.*

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán conservar durante, polo menos, cinco anos os datos incluídos en todos os rexistros exixidos polo título V e VII, capítulo I da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e por este real decreto.

Sen prexuízo do anterior, o rexistro de contratos sinalado no artigo 79 ter da citada lei deberase manter mentres dure a relación co cliente. Cando a empresa de servizos de investimento vexa revogada a súa autorización antes de que transcorran os cinco anos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalle exixir á entidade que conserve os datos ata que se complete o citado período.

En calquera caso, cando resulte necesario para o exercicio das súas funcións de supervisión, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, en circunstancias excepcionais, exixir o mantemento de todos ou algúns dos rexistros indicados no parágrafo anterior por un período tan longo como o xustifique a natureza do instrumento ou da operación.

2. Os rexistros deberanse gardar nun soporte que permita o almacenamento da información de forma acce-

sible á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e cumpriranse en todo caso as seguintes condicións:

- a) A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acceder a eles con facilidade e poderá reconstruír cada unha das fases fundamentais na tramitación de cada operación.
- b) Debe ser posible distinguir calquera corrección ou modificación realizada do contido dos rexistros con anterioridade a aquelas, sen que sexa posible, en ningún caso, a manipulación ou alteración dos rexistros doutro modo.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá publicar a lista de rexistros exixidos de conformidade co disposto no número 1.

**Artigo 33. *Rexistro de ordes de clientes sobre instrumentos financeiros e rexistro de operacións.***

1. Os datos que se incluírán nos rexistros de ordes de clientes son os establecidos no Regulamento 1287/2006, da Comisión, do 10 de agosto de 2006, polo que se aplica a Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás obrigas das empresas de servizos de investimento de levar un rexistro, a información sobre as operacións, a transparencia do mercado, a admisión a negociación de instrumentos financeiros e termos definidos para efectos da devandita directiva. No rexistro debe-rase conservar:

- a) O exemplar orixinal da orde asinada polo cliente ou por persoa autorizada de forma que faga fe, cando sexa realizada en modo escrito.
- b) A cinta de gravación, cando a orde sexa realizada en modo telefónico.
- c) O rexistro magnético correspondente no caso de transmisión electrónica.

As entidades dispostas a aceptar ordes recibidas por vía telefónica non escrita deberán establecer os medios necesarios para a identificación dos seus ordenantes, así como dispor de cintas para a gravación desas ordes; non obstante, cómpre advertir previamente o ordenante desa gravación. Será necesaria, así mesmo, a existencia de confirmación escrita da orde por parte do ordenante, sendo admisible a utilización de calquera medio escrito tales como télex, fax ou outros similares. En calquera caso, entenderase confirmada a orde cando o receptor dela lle comunique ao seu ordenante por calquera medio escrito a execución e, se é o caso, a liquidación desta segundo as súas instrucións e este non manifeste desconformidade no prazo que para o efecto lle indique a entidade, que non poderá ser inferior a quince días desde a recepción da citada información polo ordenante.

As ordes que se refiran a operacións a prazo superior a tres meses deberán confirmarse antes da data valor. Esta confirmación deberá ser realizada por calquera medio escrito, ben polo ordenante ou polo receptor da orde.

2. O rexistro de operacións deberase levar por medios informáticos.

3. Cada anotación no rexistro de operacións deberá estar sustentada por unha orde de entre as comprendidas no rexistro de ordes. As entidades establecerán as correspondencias que deben existir entre o rexistro de ordes e o rexistro de operacións, e entre este e a base contable e os saldos dos estados financeiros e estatísticos relacionados con eles.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OPERACIÓNS PERSOAIS

**Artigo 34. *Concepto de operación persoal.***

Operación persoal é calquera transacción cun instrumento financeiro realizada por unha persoa competente ou por conta desta cando se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) Que a persoa competente actúe fóra do ámbito das actividades que lle corresponden en virtude dos seus cometidos na empresa.

b) Que a transacción sexa realizada por conta de calquera das seguintes persoas:

- i) Da persoa competente;
- ii) De calquera persoa coa cal a persoa competente teña unha relación de parentesco ou manteña vínculos estreitos. Para tales efectos, observarase a definición de vínculos estreitos establecida no artigo 17.3 deste real decreto;
- iii) Dunha persoa cuxa relación coa persoa competente sexa tal que esta teña un interese, directo ou indirecto, significativo no resultado da operación. Non se entenderá que existe interese ningún polo mero cobramento dos honorarios ou comisións debidos pola execución da transacción.

**Artigo 35. *Actividades prohibidas e medidas que se adoptarán.***

1. De conformidade co disposto no artigo 70 ter.1.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán establecer medidas adecuadas encamiñadas a evitar as actividades sinaladas no seguinte parágrafo cando sexan realizadas por calquera persoa competente que, ou ben participe en actividades que poidan dar lugar a un conflito de intereses ou ben teña acceso a información privilexiada ou relevante, ou a outra información confidencial relacionada con clientes ou con transaccións con ou para clientes, en virtude dunha actividade que realice por conta da empresa.

As actividades prohibidas para efectos do disposto no parágrafo anterior son:

a) A realización dunha operación persoal, cando se dea algún dos seguintes supostos:

- i) Que a operación estea prohibida para esa persoa en virtude do disposto no capítulo II do título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e as súas disposicións de desenvolvemento.
- ii) Que a operación implique o uso inadecuado ou a divulgación indebida de información confidencial.
- iii) Que a operación entre ou poida entrar en conflito cunha obriga da entidade de acordo co disposto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, e as súas disposicións de desenvolvemento.

b) O asesoramento ou a asistencia a outra persoa, á marxe da realización normal do seu traballo ou, se é o caso, do seu contrato de servizos, para que realice unha transacción con instrumentos financeiros que, se se tratase dunha operación persoal da persoa competente, entraría dentro do disposto na alínea a) anterior ou no artigo 47.2.a) ou b) ou no artigo 80.e) deste real decreto.

c) Sen prexuízo do disposto no artigo 81.2.b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a comunicación, salvo no exercicio normal do traballo ou do contrato de servizos, de calquera información ou opinión a calquera outra persoa cando a persoa competente saiba, ou pode razoablemente saber, que como consecuencia da citada información a outra persoa poderá, ou cabe supor que poida, levar a cabo calquera das seguintes actuacións:

- i) Efectuar unha operación sobre instrumentos financeiros que, se se tratase dunha operación persoal da persoa competente, estaría afectada polo disposto na alínea a) anterior ou no artigo 47.2 a) ou b) ou no artigo 80.e) deste real decreto.
- ii) Asesorar ou asistir outra persoa para que efectúe esa operación.

2. As medidas indicadas no número anterior deberán estar deseñadas para garantir, en particular, que:

a) As persoas competentes indicadas no número anterior estean ao corrente das restricións existentes sobre as operacións persoais e das medidas que a entidade teña establecidas en relación coas operacións persoais e a revelación de información, de acordo co disposto no número anterior.

b) A empresa sexa informada rapidamente de calquera operación persoal efectuada por unha persoa competente por medio, ben da notificación da operación, ben doutros procedementos que lle permitan á entidade identificar as operacións.

No caso de que existan acordos para a delegación de funcións ou servizos, a empresa deberá velar por que a entidade en quen delegase a actividade leve un rexistro das operacións persoais realizadas por calquera persoa competente e por que lle facilite esa información á empresa de servizos de investimento o antes posible, cando esta o solicite.

c) Se leve un rexistro das operacións persoais notificadas á empresa ou identificadas por esta, incluída calquera autorización ou prohibición relacionada con tales operacións.

3. Non resultarán de aplicación os dous números anteriores cando se trate das seguintes operacións:

a) Operacións persoais realizadas no marco da prestación do servizo de investimento de xestión discrecional e individualizada de carteiras de investimento cando non exista comunicación previa sobre a operación entre o xestor da carteira e a persoa competente ou outra persoa por conta da cal se efectúe a operación.

b) Operacións persoais sobre participacións ou accións en institucións de investimento colectivo, harmonizadas ou que estean suxeitas a supervisión conforme a lexislación dun Estado membro que estableza un nivel equivalente á normativa comunitaria en canto á distribución de riscos entre os seus activos, sempre que a persoa competente ou calquera outra persoa por conta da cal se efectúe a operación non participen na xestión da institución tal e como esta se define no artigo 64.a) do Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS OU SERVIZOS

Artigo 36. *Definición de funcións esenciais para a prestación de servizos de investimento.*

1. Para efectos do disposto no artigo 70 ter.2.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, entenderase que unha función é esencial para a prestación dun servizo de investimento se unha deficiencia ou anomalía na súa execución pode, ben afectar de modo considerable a capacidade da empresa de servizos de investimento para cumprir permanentemente as condicións e obrigas derivadas da súa autorización e do réxime establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo, ben afectar os resultados financeiros ou a solidez ou continuidade dos seus servizos de investimento.

2. Sen carácter exhaustivo, non terán a consideración de funcións esenciais:

a) A prestación á empresa de servizos de investimento de asesoramento ou outros servizos que non formen parte da actividade investidora da empresa, incluída a prestación de asesoramento xurídico, a formación do persoal, os servizos de facturación e os de vixilancia e seguranza dos locais e do persoal da entidade.

b) A compra de servizos estandarizados, incluídos os servizos de información sobre o mercado e sobre os prezos.

Artigo 37. *Condicións para delegar a realización de servizos de investimento ou o exercicio de funcións esenciais para a súa prestación.*

1. A delegación de servizos de investimento ou de funcións esenciais por parte das empresas de servizos de investimento en terceiros non diminuírá a súa responsabilidade respecto ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, e nas súas disposicións de desenvolvemento. En particular, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A delegación non suporá delegación de responsabilidade por parte da alta dirección.

b) A delegación non poderá alterar as relacións e obrigas da empresa de servizos de investimento coa súa clientela.

c) As condicións que debe cumprir a empresa de servizos de investimento para recibir e conservar a autorización non se poderán eliminar ou modificar pola existencia dun acordo de delegación.

2. As empresas de servizos de investimento deberán adoptar as medidas necesarias para garantir que:

a) O terceiro delegatario:

i) Dispón da competencia, capacidade e de calquera autorización que, se é o caso, exixa a lei para realizar as funcións ou servizos delegados de forma fiable e profesional.

ii) Realiza eficazmente os servizos delegados. Para tal fin, a empresa de servizos de investimento deberá establecer medidas para avaliar o seu nivel de cumprimento.

iii) Supervisa correctamente a realización das funcións delegadas e xestiona adecuadamente os riscos asociados á delegación.

iv) Comunica á empresa de servizos de investimento calquera suceso que poida afectar de maneira significativa o desempeño eficaz e segundo a normativa aplicable das funcións delegadas.

v) Coopera coa Comisión Nacional do Mercado de Valores en todo o relativo ás actividades delegadas nel.

vi) Protexe toda a información confidencial referida á empresa de servizos de investimento e aos seus clientes.

b) A empresa de servizos de investimento toma as medidas adecuadas cando se aprecie que o terceiro non pode realizar as funcións eficazmente e de acordo coas disposicións normativas aplicables.

c) A empresa de servizos de investimento conta coa experiencia necesaria para supervisar eficazmente as funcións delegadas e para xestionar adecuadamente os riscos asociados a tal delegación.

d) A empresa de servizos de investimento pode rescindir o contrato de delegación cando resulte necesario sen detrimento para a continuidade e calidade na prestación de servizos aos clientes.

e) A empresa de servizos de investimento, os seus auditores e as autoridades competentes teñen acceso efectivo aos datos referidos ás actividades delegadas e ás dependencias do terceiro delegatario. Así mesmo, a empresa de servizos de investimento deberá asegurarse de que as autoridades competentes poden efectivamente exercer o dereito de acceso.

f) A empresa de servizos de investimento e o terceiro elaboran, aplican e manteñen un plan de emerxencia para a recuperación de datos en caso de catástrofes e comprobán periodicamente os mecanismos de seguranza informática, cando isto sexa necesario tendo en conta a función ou servizo delegado.

3. O acordo de delegación entre a empresa de servizos de investimento e o terceiro deberase formalizar nun

contrato escrito en que se concretarán os dereitos e obrigas das partes.

4. Cando a empresa de servizos de investimento e o terceiro pertencen ao mesmo grupo, aquela deberá valorar a súa capacidade para controlar o terceiro e para influír na súa actuación.

5. As empresas de servizos de investimento deberán pór á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando esta o solicite, toda a información que sexa necesaria para a supervisión do cumprimento das actividades delegadas.

**Artigo 38. Delegación do servizo de xestión de carteira en prestadores de servizos situados en países terceiros.**

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, cando se delegue o servizo de xestión de carteira que se lles preste a clientes retallistas en terceiros situados nun país terceiro, a empresa de servizos de investimento deberá comprobar que se cumpren os seguintes requisitos:

a) O terceiro deberá estar autorizado ou rexistrado no seu país de orixe para a prestación dese servizo e deberá, así mesmo, estar suxeito a supervisión prudencial.

b) Deberá existir un acordo apropiado de cooperación entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a autoridade supervisora do país de orixe do terceiro. Para estes efectos, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá publicar unha lista de países terceiros cos cales subscribíse os pertinentes acordos de cooperación.

2. Cando non se cumpra un ou os dous requisitos sinalados no número anterior, a empresa de servizos de investimento só poderá delegar o servizo nunha entidade dun país terceiro se, téndolle notificado previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores o contrato de delegación, esta non manifesta a súa oposición no prazo dun mes desde a súa recepción.

Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá publicar un comunicado en que indicará a política que pretende aplicar nos casos sinalados no parágrafo anterior. No comunicado deberán incluír exemplos concretos de supostos en que a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se oporá, ou é previsible que non se opoña, aos acordos de delegación en entidades de países terceiros, debendo fundamentar por que se considera que, neses casos, a delegación non pon en perigo a capacidade da empresa de servizos de investimento para cumprir coas obrigas establecidas no artigo anterior.

**SECCIÓN 5.<sup>a</sup> PROTECCIÓN DOS ACTIVOS DOS CLIENTES**

**Artigo 39. Protección dos activos dos clientes.**

De conformidade co disposto no artigo 70 ter, número 1, alínea f) e número 2, alínea c) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberán manter os rexistros e contas necesarios para que poidan en todo momento e sen demora distinguir os activos dun cliente dos dos outros clientes e dos seus propios activos.

b) Os rexistros e contas deberán garantir a exactitude dos datos que conteñan e a súa correspondencia cos instrumentos financeiros e os fondos dos clientes.

c) Se é o caso, deberán conciliar regularmente as súas contas e rexistros internos cos dos terceiros en poder dos cales consten os activos dos seus clientes.

d) Deberán adoptar as medidas necesarias para garantir:

i) Que os instrumentos financeiros de clientes depositados nun terceiro se distinguan dos que pertencen á empresa de servizos de investimento e a ese terceiro. Para

iso, deberán establecer contas con denominación diferente na contabilidade do terceiro, ou outras medidas equivalentes que aseguren un nivel similar de protección.

ii) Que os fondos dos clientes estean contabilizados polo depositario nunha conta ou contas distintas daquelas en que se contabilizan os fondos pertencentes á empresa de servizos de investimento.

e) Ten que adoptar as medidas organizativas necesarias para minimizar o risco de perda ou diminución do valor dos activos dos clientes, ou dos dereitos relacionados con aqueles, como consecuencia dunha mala utilización dos activos, fraude, administración deficiente, mantemento inadecuado dos rexistros ou negligencia.

**Artigo 40. Custodia de instrumentos financeiros dos clientes.**

1. As entidades que presten servizos de investimento poderán depositar os instrumentos financeiros dos seus clientes nunha conta ou contas abertas cun terceiro sempre que actúen coa debida dilixencia, competencia e atención na selección, designación e revisión periódica do terceiro e dos acordos que regulen a tenza e custodia dos instrumentos financeiros.

En particular, as entidades deberán ter en conta a experiencia e prestixio no mercado do terceiro, así como calquera requisito normativo ou práctica de mercado relacionados coa tenza dese instrumentos financeiros que poidan prexudicar os dereitos dos clientes.

2. Cando a entidade pretenda depositar os instrumentos financeiros nun terceiro domiciliado nun Estado que suxeite á regulación e supervisión a custodia de instrumentos financeiros por conta doutra persoa, aquela deberá designar un terceiro que estea suxeito a tal regulación e supervisión.

Así mesmo, unicamente poderá depositar os instrumentos financeiros dos seus clientes nun terceiro domiciliado nun Estado que non suxeite á regulación e supervisión a custodia de instrumentos financeiros por conta doutras persoas se se cumpre algunha das seguintes condicións:

a) A natureza dos instrumentos financeiros ou dos servizos relacionados con eses instrumentos require que a custodia se efectúe nun terceiro dese Estado.

b) Os instrumentos financeiros pertencen a un cliente profesional e este solicita por escrito á empresa que se depositen nun terceiro dese Estado.

**Artigo 41. Depósito de fondos dos clientes.**

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán depositar inmediatamente os fondos que reciban dos seus clientes nalgunha das seguintes entidades:

a) Bancos centrais.

b) Entidades de crédito autorizadas nos Estados membros da Unión Europea.

c) Bancos autorizados en Estados terceiros.

d) Fondos do mercado monetario habilitados. Terán este carácter as institucións de investimento colectivo harmonizadas ou suxeitas á supervisión e, se é o caso, autorización dun Estado membro, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

i) Que o principal obxectivo do investimento sexa o mantemento do valor neto do patrimonio da institución de investimento colectivo, entendido como o valor constante á par (é dicir, sen as ganancias), ou como o valor do capital inicial dos investidores e mais as ganancias.

ii) Que só invistan en instrumentos de elevada calidade do mercado monetario cun vencemento ou vencemento residual que non sexa superior a 397 días, ou con axustes de rendemento regulares coherentes con ese

vencemento e cun vencemento medio ponderado de 60 días. Así mesmo, poderán investir de forma accesoría en depósitos en entidades de crédito. Só terán a consideración de instrumentos de alta calidade aqueles aos cales se lles concedese a máis alta cualificación de solvencia dispoñible por parte de cada organismo de cualificación competente que os valorase, tendo esta consideración unicamente aqueles organismos de cualificación que atribúan cualificacións de solvencia a fondos do mercado monetario de forma regular e con carácter profesional e que, ademais, cumpran o disposto no artigo 6.2 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

iii) Que proporcionen liquidez o mesmo día ou o día seguinte ao da liquidación.

En calquera caso, o cliente poderase negar en calquera momento a que os seus fondos se depositen nun fondo do mercado monetario, polo que deberá outorgar sempre o seu consentimento expreso e previo. Ese consentimento poderase outorgar con carácter xeral no momento de realizar o contrato de prestación de servizos coa entidade.

2. Cando os fondos non se depositen nun banco central, as entidades que prestan servizos de investimento deberán actuar coa debida competencia, atención e dilixencia na selección, designación e revisión periódica da entidade elixida e na adopción dos acordos que regulen a tenza deses fondos.

En particular, deberán ter en conta a experiencia e prestixio no mercado do terceiro co fin de asegurar a protección dos dereitos dos clientes, así como calquera requisito normativo ou práctica de mercado relacionados coa tenza de fondos de clientes que poidan prexudicar os dereitos dos clientes.

#### Artigo 42. *Utilización dos instrumentos financeiros dos clientes.*

1. As entidades que presten servizos de investimento só poderán establecer acordos para operacións de financiamento de valores sobre os instrumentos financeiros dos seus clientes, ou utilízaos de calquera outro modo, tanto por conta propia como por conta doutro cliente, conforme os seguintes requisitos:

a) O cliente deberá dar o seu consentimento expreso con carácter previo á utilización dos instrumentos financeiros. No caso de clientes retalistas, será necesario que o consentimento conste en documento escrito coa sinatura do cliente ou en calquera mecanismo alternativo equivalente.

b) A utilización dos instrumentos financeiros axustarase ás condicións especificadas e aceptadas polo cliente.

2. Ademais do disposto no número anterior, cando os instrumentos financeiros do cliente estean depositados nunha conta global, sempre que o permita a normativa aplicable, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Todos os clientes cuxos instrumentos financeiros estean depositados na conta global deberán ter expresado o seu consentimento individual e previo de acordo co disposto na alínea a) do punto anterior.

b) A entidade deberá contar con sistemas e controis que garantan o cumprimento do disposto na alínea anterior.

Para permitir a correcta atribución de posibles perdas, os rexistros da entidade deberán incluír datos dos clientes segundo cuxas instrucións se utilízaos os instrumentos financeiros e o número de instrumentos financeiros utilizados pertencentes a cada cliente.

#### Artigo 43. *Informes de auditores externos.*

1. As entidades que prestan servizos de investimento deberán asegurar de que os seus auditores externos lle remiten á Comisión Nacional do Mercado de Valores un informe anual sobre a adecuación das medidas adoptadas por aquela para cumprir o disposto nas alíneas f) do número 1 e c) do número 2 do artigo 70 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e nesta sección. No caso das entidades de crédito, o Banco de España deberá recibir copia dese informe.

2. Habilitase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para fixar o contido do informe, así como os medios e prazos para a súa remisión.

#### SECCIÓN 6.<sup>a</sup> CONFLICTOS DE INTERESE

#### Artigo 44. *Conflictos de interese potencialmente prexudiciais para os clientes.*

Co obxecto de identificar os conflitos de interese para os efectos do disposto no artigo 70 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán ter en conta, como criterio mínimo, se a propia empresa, ou ben unha persoa competente ou outra persoa directa ou indirectamente vinculada a aquela mediante unha relación de control, se encontra nalgunha das seguintes situacións:

a) A entidade ou a persoa en cuestión pode obter un beneficio financeiro, ou evitar unha perda financeira, á custa do cliente, ou

b) ten un interese no resultado do servizo prestado ou da operación efectuada por conta do cliente, distinto do interese do propio cliente nese resultado, ou

c) ten incentivos financeiros ou de calquera outro tipo para favorecer os intereses de clientes terceiros, fronte aos propios intereses do cliente en cuestión, ou

d) a actividade profesional é idéntica á do cliente, ou

e) recibe ou vai recibir dun terceiro un incentivo en relación co servizo prestado ao cliente, en diñeiro, bens ou servizos, distinto da comisión ou retribución habitual polo servizo en cuestión.

En calquera caso, tal e como se sinala no mencionado artigo 70 quáter da lei, non se considerará suficiente que a empresa poida obter un beneficio se non existe tamén un posible prexuízo para un cliente, ou que un cliente poida obter unha ganancia ou evitar unha perda se non existe a posibilidade de perda concomitante dun cliente.

#### Artigo 45. *Política de xestión dos conflitos de interese.*

1. De conformidade co disposto no artigo 70 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán aprobar, aplicar e manter unha política de xestión dos conflitos de interese eficaz e adecuada ao tamaño e organización da empresa e á natureza, escala e complexidade da súa actividade. Así mesmo, a política plasmarase por escrito e, cando a empresa pertenza a un grupo, deberase ter en conta calquera circunstancia derivada da estrutura e actividades doutras entidades do grupo que a entidade coñeza ou debería coñecer, susceptible de provocar un conflito de interese.

2. A política de xestión deberá:

a) Identificar, en relación cos servizos de investimento e auxiliares realizados pola empresa ou por conta desta, as circunstancias que dean ou poidan dar lugar a un conflito de interese que implique un risco importante de menoscabo aos intereses dun ou máis clientes.

b) Especificar os procedementos e medidas que se adoptarán para xestionar tales conflitos, garantindo que as persoas competentes que participan nas actividades

que poidan implicar un conflito de interese de acordo co sinalado na alínea anterior actúan cun nivel de independencia adecuado ao tamaño e actividades da empresa e, se é o caso, do seu grupo, e á importancia do risco de menoscabo dos intereses dos clientes. Os procedementos e medidas deberán ser aqueles dos enumerados a continuación que resulten necesarios e apropiados para garantir o grao de independencia necesario:

i) Procedementos eficaces para impedir ou controlar o intercambio de información entre persoas competentes que participen en actividades que comporten o risco dun conflito de interese, cando tal intercambio poida ir en detrimento dos intereses dun ou máis clientes.

ii) A supervisión separada daquelas persoas competentes cuxas funcións principais consistan na realización de actividades ou de servizos por conta de clientes con intereses distintos que poidan entrar en conflito, ou daquelas persoas competentes que de calquera outro modo representen intereses distintos que poidan entrar en conflito, incluídos os da propia empresa.

iii) A eliminación de calquera relación directa entre a remuneración daquelas persoas competentes que realizan principalmente unha actividade e a remuneración ou os ingresos xerados por outras persoas competentes que realizan principalmente outra actividade, cando poida xurdir un conflito de interese en relación con estas actividades.

iv) Medidas para impedir ou limitar que calquera persoa poida exercer unha influencia inadecuada sobre a forma en que unha persoa competente presta servizos de investimento ou auxiliares.

v) Medidas para impedir ou controlar a participación simultánea ou consecutiva dunha persoa competente en varios servizos de investimento ou auxiliares cando esa participación poida ir en detrimento dunha xestión adecuada dos conflitos de interese.

Cando a adopción das medidas e procedementos anteriores non garanta o necesario grao de independencia, a empresa deberá aplicar os procedementos e medidas alternativos ou adicionais que considere necesarios e apropiados para conseguir tal fin.

3. A revelación ao cliente dos conflitos de interese de acordo co disposto no artigo 70 quáter.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, deberá facer nun soporte duradeiro e deberá incluír os datos suficientes, en función da natureza do cliente, para que este poida tomar con coñecemento de causa unha decisión en relación co servizo de investimento ou auxiliar ao cal afecte o conflito de interese.

#### Artigo 46. *Rexistro de servizos que orixinan conflitos de interese prexudiciais.*

As entidades que prestan servizos de investimento deberán ter e actualizar regularmente un rexistro das clases de servizos de investimento e auxiliares realizados pola empresa ou por conta desta en que, ou ben xurdise un conflito de interese, ou ben poida xurdir se se trata de servizos en curso.

#### Artigo 47. *Requisitos organizativos adicionais cando unha entidade que presta servizos de investimento elabora e divulga informes de investimentos.*

1. As entidades que prestan servizos de investimento que elaboren ou encarguen a elaboración de informes de investimentos que se pretendan difundir, ou que poidan difundirse con posterioridade, entre os clientes da entidade ou ao público en xeral, baixo a súa propia responsabilidade ou baixo a de empresas do seu grupo, garantirán a aplicación de todas as medidas sinaladas no punto 2.b) do artigo 45 en relación cos analistas financeiros implicados na elaboración dos informes de investimentos e en

relación con outras persoas competentes cuxas responsabilidades ou intereses profesionais poidan entrar en conflito cos intereses das persoas destinatarias dos informes. Para os efectos do disposto neste artigo, observárase o concepto de informe de investimentos establecido no artigo 63.2.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2. Así mesmo, deberán adoptar as medidas necesarias para garantir o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os analistas financeiros e as outras persoas competentes indicadas no número anterior non poderán realizar operacións persoais ou negociar por conta de calquera persoa, incluída a propia empresa, salvo se o fan como creadores de mercado actuando de boa fe e no curso ordinario desta actividade ou ao executar unha orde non solicitada por un cliente sen que mediase proposta previa da entidade en relación cos instrumentos financeiros a que se refira o informe de investimentos ou con calquera instrumento financeiro conexo se teñen coñecemento das datas de difusión ou do contido probable do informe e eses datos non se fixeron públicos ou non se lles revelaron aos clientes nin poden inferirse facilmente da información dispoñible ata que os destinatarios do informe tivesen unha posibilidade razoable de actuar ao respecto.

b) En circunstancias non cubertas pola alínea anterior, os analistas financeiros e as outras persoas competentes encargadas da elaboración de informes sobre investimentos non poderán realizar operacións persoais cos instrumentos financeiros a que se refiran os devanditos informes, ou con instrumentos financeiros conexas de modo contrario ás recomendacións vixentes, salvo en circunstancias excepcionais e coa aprobación previa por escrito dun membro do servizo xurídico ou do servizo encargado do cumprimento normativo.

c) As entidades que prestan servizos de investimento, os analistas financeiros e as outras persoas competentes implicadas na elaboración de informes sobre investimentos non poderán aceptar incentivos daqueles que teñan un interese relevante no obxecto do informe en cuestión nin se poderán comprometer cos emisores a elaborar informes favorables.

d) Cando o borrador do informe sobre investimentos conteña unha recomendación ou ben un obxectivo de prezo, non se permitirá que os emisores, as persoas competentes, con excepción dos analistas financeiros, e calquera outra persoa revisen o borrador antes da difusión pública do informe, co fin de verificar a exactitude de declaracións obxectivas contidas no informe, ou con calquera outra finalidade, salvo a de comprobar que a empresa cumpre coas súas obrigas legais.

Para os efectos do disposto neste punto, entenderase por instrumento financeiro conexo aquel cuxo prezo se vexa directamente afectado polas variacións do prezo dun instrumento financeiro obxecto dun informe sobre investimentos, entendendo incluídos os instrumentos financeiros derivados sobre aquel.

3. O disposto nos números anteriores non resultará de aplicación cando a entidade que presta servizos de investimento difunda un informe de investimentos se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a persoa que elabora o informe non sexa membro do grupo a que pertence a entidade.

b) Que a entidade non modifique de maneira importante as recomendacións que figuren no informe.

c) Que a entidade non presente o informe como elaborado por ela.

d) Que a entidade verifique que a persoa que elabora o informe está suxeita a requisitos equivalentes aos previstos neste real decreto en relación coa elaboración de informes de investimentos ou ben adoptou unha política que prevexa tales requisitos.



## CAPÍTULO II

**Requisitos financeiros das empresas de servizos de investimento**Artigo 48. *Coeficiente de liquidez.*

1. De conformidade co disposto no artigo 70.1.b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as empresas de servizos de investimento, coa excepción das sociedades xestoras de carteiras, das empresas de asesoramento financeiro e das axencias de valores que unicamente estean autorizadas para a recepción e transmisión de ordes sen manter fondos ou instrumentos financeiros que pertencen aos seus clientes, deberán manter en todo momento o volume de investimentos en activos de baixo risco e elevada liquidez que, como porcentaxe sobre a totalidade dos seus pasivos exixibles con prazo residual inferior a un ano, excluídos os saldos das contas acreedoras, estableza o ministro de Economía e Facenda, cun mínimo do 10 por 100.

2. O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, establecerán:

a) Os activos aptos para o cumprimento do coeficiente de liquidez, entre os que figurarán o efectivo e os depósitos á vista ou a prazo non superior a un mes en entidades de crédito, os valores de renda fixa e as accións e participacións en institucións de investimento colectivo nas condicións que se determinen.

b) Os criterios para delimitar contablemente e valorar os saldos dos pasivos exixibles sometidos a ese coeficiente.

c) Os procedementos que se aplicarán para controlar o cumprimento do coeficiente de liquidez.

Artigo 49. *Operacións financeiras con entidades financeiras.*

1. As empresas de servizos de investimento poderán obter financiamento, mesmo en forma de préstamo ou depósito, das entidades españolas ou estranxeiras que figuren inscritas nalgún dos rexistros relativos a entidades financeiras mantidos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Facenda ou en rexistros de igual natureza da Unión Europea.

2. As empresas de servizos de investimento poderán efectuar operacións activas de préstamo ou depósito coas entidades mencionadas no número anterior, na medida e coas limitacións que, con obxecto de garantir a súa dedicación efectiva ás actividades que lles son propias, estableza o ministro de Economía e Facenda.

Artigo 50. *Operacións financeiras co público.*

1. As empresas de servizo de investimento non poderán recibir fondos de persoas distintas das mencionadas no artigo anterior, excepto por concepto de:

- a) Emisión de accións.
- b) Financiamento subordinado.
- c) Emisión de valores admitidos a negociación nalgún mercado secundario oficial.

2. Constituirán excepción ao disposto no número anterior as contas acreedoras de carácter instrumental e transitorio que as sociedades e axencias de valores lles abran a clientes en relación coa execución de operacións desenvolvidas por conta deles. Os saldos destas contas deberán estar investidos naquelas categorías de activos líquidos e de baixo risco que o ministro de Economía e Facenda determine.

O mantemento destes saldos quedará condicionado á existencia na entidade de mecanismos de control interno que, cos requisitos que a Comisión Nacional do Mercado de Valores determine, aseguren que tales saldos cumpren o previsto no parágrafo anterior.

3. O ministro de Economía e Facenda determinará o réxime de emisión de accións e de emisión de débeda das empresas de servizos de investimento.

## CAPÍTULO III

**Réxime das actividades e das operacións desenvolvidas polas empresas de servizos de investimento**Artigo 51. *Operacións por conta propia das axencias de valores.*

1. As axencias de valores poderán negociar por conta propia en valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial co fin exclusivo de rendibilizar os seus recursos propios ata o importe destes, deducidos os investimentos permanentes ou de baixa liquidez que a Comisión Nacional do Mercado de Valores determine.

2. Tamén poderán adquirir os seguintes valores non admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado:

a) Os necesarios para adquirir a condición de membro dun mercado secundario ou doutro mercado regulado ou dos seus sistemas de compensación e liquidación.

b) Participacións nas sociedades xestoras do Fondo de Garantía de Investidores ou sistemas equivalentes no estranxeiro.

c) Participacións en sociedades instrumentais que supoñan a prolongación do negocio ou cuxa actividade supoña a prestación a entidades do mesmo grupo de servizos auxiliares, tales como tenza de inmobles ou activos materiais, prestación de servizos informáticos, de taxación, de representación, de mediación ou outros similares.

d) Participacións en entidades financeiras, tal como se definen no artigo 3 do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, salvo nas entidades sinaladas na alínea h) do citado artigo.

3. O investimento en instrumentos financeiros derivados, estean ou non admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado, estará limitada exclusivamente a asegurar unha adecuada cobertura dos riscos asumidos no resto da carteira a que se refire o número 1 anterior.

4. Na súa negociación por conta propia só poderán ofrecer, con carácter instrumental e transitorio, contrapartida aos seus clientes cando resulte indispensable para evitar o incumprimento de obrigas derivadas do desenvolvemento das súas actividades de negociación por conta allea ou nos casos que determine o ministro de Economía e Facenda.

Artigo 52. *Réxime das sociedades xestoras de carteiras.*

As sociedades xestoras de carteiras non poderán posuír ou ter ao seu nome nin os fondos nin os instrumentos financeiros postos á súa disposición polos seus clientes para a súa xestión discrecional ou que sexan o resultado da citada xestión. Esa prohibición alcanza tamén calquera outra actividade que se incorpore no seu programa de actividades.

Artigo 53. *Actividade por conta propia das sociedades xestoras de carteiras.*

As sociedades xestoras de carteiras só poderán adquirir valores por conta propia nas circunstancias previstas nos números 1, 2, coa excepción das súas alíneas a) e b), e 3 do artigo 51 deste real decreto.

### TÍTULO III

#### Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento

##### CAPÍTULO I

#### Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por empresas de servizos de investimento estranxeiras

Artigo 54. *Empresas de servizos de investimento non comunitarias.*

1. De conformidade co disposto no artigo 71 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a apertura en España de sucursais de empresas de servizos de investimento non comunitarias requirirá a autorización do ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Observaranse para o efecto os artigos anteriores deste real decreto no que lle sexa de aplicación, coas particularidades seguintes:

a) Por capital social mínimo entenderase a dotación mantida pola entidade en España de fondos de carácter permanente e duración indefinida, dispoñibles para a cobertura de perdas da sucursal.

b) Non serán de aplicación as alíneas a), b), c) e e) do número 1 do artigo 14 deste real decreto.

A mención ao proxecto de estatutos a que se refire a alínea a) do artigo 16 deste real decreto entenderase referida ao proxecto de escritura de constitución da sucursal e aos propios estatutos vixentes da entidade; a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá ser informada dos cambios que posteriormente se produzan en ambos.

c) Deberán contar, polo menos, con dúas persoas que determinen de modo efectivo a orientación da sucursal e sexan responsables directas da xestión. Serán exixibles a ambas a honorabilidade, coñecementos e experiencia a que se refire o artigo 14.

d) O obxecto social da sucursal non poderá conter actividades non permitidas á entidade no seu país de orixe.

e) A documentación que acompañe a solicitude conterá a información necesaria para coñecer con exactitude as características xurídicas e de xestión da entidade estranxeira solicitante, así como a súa situación financeira. Tamén se incluírá unha descrición da estrutura organizativa da entidade e do grupo en que esta eventualmente se integre. Así mesmo, acreditarase que está en posesión das autorizacións do seu país de orixe para abrir a sucursal, cando este as exixa, ou a certificación negativa, se non foren precisas.

2. Cando unha empresa de servizos de investimento non comunitaria pretenda prestar servizos de investimento sen sucursal en España, deberao solicitar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando as actividades que van ser realizadas, e obter a correspondente autorización. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá pedir unha ampliación da información subministrada, así como condicionar o exercicio desas actividades ao cumprimento de certos requisitos como garantía do cumprimento das normas dos mer-

cados en que pretende operar ou as ditadas por razóns de interese xeral.

##### CAPÍTULO II

#### Actuación transfronteiriza das empresas de servizos de investimento españolas

Artigo 55. *Apertura de sucursais no estranxeiro por empresas de servizos de investimento españolas.*

1. As empresas de servizos de investimento españolas que pretendan abrir unha sucursal nun Estado que non sexa membro da Unión Europea deberano solicitar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, presentando, xunto coa información do Estado no territorio do cal pretenden establecer a sucursal e o domicilio previsto para esta, un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretende realizar e a estrutura da organización da sucursal e os establecementos a través dos cales operará e o nome e historial dos directivos responsables da sucursal.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores ditará resolución motivada e notificaraa, no prazo máximo de tres meses a partir da recepción da solicitude. Cando a resolución non sexa notificada no prazo anteriormente previsto, poderase entender estimada, de acordo co artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude só poderá ser denegada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores cando teña razóns para dubidar, visto o proxecto en cuestión, da adecuación das estruturas administrativas ou da situación financeira da empresa de servizos de investimento; cando no programa de actividades presentado se recollan actividades non autorizadas á entidade; ou cando considere que a actividade da sucursal non vai quedar suxeita a un efectivo control por parte da autoridade supervisora do país de acollida; ou pola existencia de obstáculos legais ou doutro tipo que impidan ou dificulten o control e inspección da sucursal pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Toda modificación das informacións a que se refire o número 1 deste artigo deberá ser comunicada pola empresa de servizos de investimento, polo menos, un mes antes de efectual, á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Non se poderá levar a cabo unha modificación relevante no programa de actividades da sucursal se a Comisión Nacional do Mercado de Valores, dentro do referido prazo dun mes, se opón a ela, mediante resolución motivada que lle será notificada á entidade. Esa oposición deberase fundar nas causas previstas neste artigo que resulten aplicables en cada caso.

Artigo 56. *Prestación de servizos sen sucursal no estranxeiro.*

As empresas de servizos de investimento españolas que pretendan, por primeira vez, prestar servizos sen sucursal nun Estado non membro da Unión Europea deberano solicitar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando as actividades para as cales estea autorizada que se propón levar a cabo. Será aplicable a este procedemento de autorización o previsto nos números 2 e 3 do artigo 55 anterior.

Artigo 57. *Actuación mediante outras empresas de servizos de investimento.*

1. De conformidade co disposto no artigo 71.5 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, no caso de creación por unha

empresa de servizos de investimento ou un grupo de empresas de servizos de investimento españolas dunha empresa de servizos de investimento nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, á solicitude de autorización que se presente na Comisión Nacional do Mercado de Valores deberáselle xuntar, polo menos, a seguinte información:

a) Importe do investimento e da porcentaxe que representa a participación no capital e nos dereitos de voto da entidade que se vai crear. Indicación, se é o caso, das entidades a través das cales se efectuará o investimento.

b) A prevista no artigo 16.1, alíneas a), b), c) e e) deste real decreto. A prevista na alínea d) substituirase por unha relación dos socios que vaian ter participacións significativas.

c) Descrición completa da normativa de mercado de valores aplicable ás empresas de servizos de investimento no Estado onde se vaia constituír a nova empresa, así como da normativa vixente en materia fiscal e de prevención de branqueo de capitais.

2. Cando, de conformidade co disposto no artigo 71.5 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, se vaia adquirir unha participación nunha empresa de servizos de investimento, entendendo por tal aquela que teña un carácter significativo, segundo o previsto no artigo 69 da Lei 24/1988, ou se pretenda incrementar unha participación significativa, alcanzando ou superando algunha das porcentaxes sinaladas no número 4 dese artigo 69, deberase presentar a información sinalada no número anterior, ben que a prevista na alínea b) se poderá limitar a aqueles datos que teñan un carácter público.

Tamén se indicará o prazo previsto para a realización do investimento, as contas anuais dos dous últimos exercicios da entidade participada e, se é o caso, os dereitos da entidade para designar representantes nos órganos de administración e dirección daquela.

3. En todo caso, caberá exixirlles aos solicitantes cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para que a Comisión Nacional do Mercado de Valores se poida pronunciar adecuadamente e, en particular, os que permitan apreciar a posibilidade de exercer a supervisión consolidada do grupo.

## TÍTULO IV

### Normas de conduta aplicables aos que presten servizos de investimento

#### CAPÍTULO I

##### Contrapartes elixibles, incentivos e obrigas de información a clientes e clientes potenciais

###### Artigo 58. *Contrapartes elixibles.*

1. Ademais do disposto no artigo 78 ter.1, primeiro parágrafo, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, tamén terán a consideración de contrapartes elixibles as entidades mencionadas nas letras a) a d) do artigo 78 bis.3 da citada lei que non estean expresamente enumeradas naquel artigo.

2. Cando, en virtude do disposto no artigo 78 ter.2, segundo parágrafo, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, unha contraparte elixible solicite o trato como cliente, sen solicitar a súa consideración como cliente retailista, será tratada como cliente profesional se a entidade está de acordo. En caso contrario, observarase o procedemento descrito no artigo 78 bis.3.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

###### Artigo 59. *Incentivos.*

Para os efectos do disposto no artigo 79 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, consideraranse incentivos permitidos os seguintes:

a) Os honorarios, comisións ou beneficios non monetarios pagados ou entregados a un cliente ou a unha persoa que actúe pola súa conta e os ofrecidos polo cliente ou por unha persoa que actúe pola súa conta;

b) Os honorarios, comisións ou beneficios non monetarios pagados ou entregados a un terceiro ou a unha persoa que actúe por conta daquel e os ofrecidos por un terceiro ou por unha persoa que actúe por conta daquel cando se cumpran as seguintes condicións:

i) A existencia, natureza e contía dos honorarios, comisións ou beneficios non monetarios ou, cando a súa contía non se poida determinar, o método de cálculo desa contía deberánse revelar claramente ao cliente, de forma completa, exacta e comprensible, antes da prestación do servizo de investimento ou servizo auxiliar. Para tales efectos, as entidades que presten servizos de investimento poderán comunicar as condicións esenciais do seu sistema de incentivos de maneira resumida, sempre que efectúen unha comunicación máis detallada por solicitude do cliente. Entenderase cumprida esta última obriga cando a entidade poña á disposición do cliente a información requirida a través das canles de distribución da entidade ou na súa páxina web, sempre que o cliente consentise a esa forma de provisión da información.

ii) O pagamento dos incentivos deberá aumentar a calidade do servizo prestado ao cliente e non poderá entorpecer o cumprimento da obriga da empresa de actuar no interese óptimo do cliente.

c) Os honorarios adecuados que permitan ou sexan necesarios para a prestación dos servizos de investimento, como os gastos de custodia, de liquidación e cambio, as taxas reguladoras ou os gastos de asesoría xurídica e que, pola súa natureza, non poidan entrar en conflito co deber da empresa de actuar con honestidade, imparcialidade, dilixencia e transparencia de acordo co interese óptimo dos seus clientes.

###### Artigo 60. *Condicións que debe cumprir a información para ser imparcial, clara e non enganosa.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 79 bis.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, toda información, incluídas as comunicacións publicitarias, dirixida a clientes retailistas, incluídos os clientes potenciais, ou difundida de tal maneira que probablemente sexa recibida por eles, deberá cumprir as condicións establecidas neste artigo. En particular:

a) A información deberá incluír o nome da entidade que presta os servizos de investimento.

b) A información deberá ser exacta e non destacará os beneficios potenciais dun servizo de investimento ou dun instrumento financeiro sen indicar tamén os riscos pertinentes, de maneira imparcial e visible.

c) A información será suficiente e presentarse de forma que resulte comprensible para calquera integrante medio do grupo a que se dirixe ou para os seus probables destinatarios.

d) A información non ocultará, encubrirá ou minimizará ningún aspecto, declaración ou advertencia importantes.

e) Cando a información faga referencia a un réxime fiscal particular, deberá aclarar de forma visible que ese réxime dependerá das circunstancias individuais de cada cliente e que pode variar no futuro.

f) En ningún caso se poderá incluír na información o nome da Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou

doutra autoridade competente de tal maneira que indique ou poida inducir a pensar que a autoridade aproba ou apoia os produtos ou os servizos da empresa.

2. Cando a información compare servizos de investimento ou auxiliares, instrumentos financeiros ou as persoas que presten os servizos, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) A comparación deberá ser pertinente e presentarse de maneira imparcial e equilibrada.
- b) Deberán identificarse as fontes de información utilizadas para a comparación.
- c) Incluíranse os feitos e hipóteses principais utilizados para facer a comparación.

3. Cando a información inclúa resultados históricos dun servizo de investimento, dun instrumento financeiro ou dun índice financeiro:

- a) Tales resultados non poderán ser o elemento máis destacado da comunicación.
- b) Os resultados deberanse referir aos cinco anos inmediatamente anteriores ou a todo o tempo durante o cal se ofrece o instrumento financeiro, se elaborase o índice financeiro ou se prestase o servizo, se o prazo é inferior a cinco anos, ou a un período tan amplo como a empresa decida se é superior a cinco anos. En calquera caso, a información sobre resultados deberase basear en períodos completos de doce meses.
- c) Indicarase con toda claridade o período de referencia e a fonte da información.
- d) Deberase advertir de forma visible que as cifras se refiren ao pasado e que os rendementos pasados non son un indicador fidedigno de resultados futuros.
- e) Cando as cifras se expresen en divisas distintas da utilizada no Estado membro de residencia dos clientes retallistas, incluídos os clientes potenciais, deberase indicar claramente a divisa utilizada e conterase unha advertencia previndo de posibles incrementos ou diminucións do rendemento en función das fluctuacións monetarias.
- f) Cando a información se basee nos resultados brutos, deberase publicar o efecto das comisións, honorarios ou outras cargas.

4. A información só poderá incluír resultados históricos simulados no caso de instrumentos financeiros ou de índices financeiros. Nestes casos, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Os resultados simulados deberanse basear en resultados históricos reais dun ou máis instrumentos financeiros ou índices financeiros que sexan idénticos ao instrumento financeiro de que se trate, ou subxacentes deste.
- b) Os resultados históricos reais deberán cumprir o disposto en todas as alíneas, salvo a d), do número anterior.
- c) Deberase advertir de forma visible que as cifras se refiren a resultados históricos simulados e que os rendementos pasados non son un indicador fidedigno de resultados futuros.

5. Se a información contén datos sobre resultados futuros, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non se poderá basear en resultados históricos simulados nin facer referencia a eles.
- b) Basearase en supostos razoables apoiados por datos obxectivos.
- c) Cando se basee en resultados brutos, deberase publicar o efecto das comisións, honorarios ou outras cargas.
- d) Deberase advertir de forma visible que as previsións non son un indicador fidedigno de resultados futuros.

Artigo 61. *Información referente á clasificación de clientes.*

1. Tras a entrada en vigor deste real decreto, as entidades que presten servizos de investimento deberanlles notificar, ou terlles notificado, aos seus clientes existentes e aos novos a clasificación de clientes en retallistas, profesionais e contrapartes elixibles que establezan, de conformidade co disposto nos artigos 78 bis e 78 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Así mesmo, deberanlles comunicar aos seus clientes, nun soporte duradeiro, que os asiste o dereito, se é o caso, a exixir unha clasificación distinta, indicando as limitacións que esa nova clasificación podería supor en canto á protección do cliente.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, as entidades, por iniciativa propia ou por pedimento do cliente, poderán:

a) Tratar como cliente profesional ou retallista un cliente que, no seu defecto, se podería clasificar como contraparte elixible en virtude do disposto no parágrafo primeiro do artigo 78 ter.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) Tratar como cliente retallista un cliente que se considere profesional en virtude do disposto nas alíneas a) a d) do artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Neste sentido, corresponderalle ao cliente profesional solicitar un maior grao de protección cando considere que non está en condicións de valorar ou xestionar correctamente os riscos a que se expón. En concreto, será tratado como cliente retallista cando realice un contrato escrito coa entidade no cal se precisarán os servizos e tipos de produtos e transaccións en relación cos cales se lle dará tratamento de cliente retallista.

3. Para efectos do disposto no artigo 78 bis.3.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, para que as persoas indicadas na dita alínea poidan ser tratadas como clientes profesionais, deberá observarse o seguinte procedemento:

a) O cliente deberalle pedir por escrito á entidade a súa clasificación como cliente profesional, ben con carácter xeral, ben para un servizo ou transacción determinada, ou para un tipo de produto ou transacción específico.

b) A entidade deberao advertir claramente por escrito das proteccións e posibles dereitos de que se vería privado.

c) O cliente deberá declarar por escrito, nun documento distinto ao do contrato, que coñece as consecuencias derivadas da súa renuncia á clasificación como cliente retallista.

4. As entidades deberán elaborar e aplicar políticas e procedementos internos, por escrito, para clasificar os seus clientes, correspondéndolles aos clientes profesionais informar a entidade de calquera cambio que puiden modificar a súa clasificación. En calquera caso, cando a entidade teña coñecemento de que un cliente deixou de cumprir os requisitos para ser tratado como profesional, considerarao con carácter inmediato, para todos os efectos, como un cliente retallista.

Artigo 62. *Requisitos xerais de información a clientes.*

1. As entidades que prestan servizos de investimento deberán proporcionar aos seus clientes retallistas, incluídos os potenciais, a seguinte información, con antelación suficiente á realización do contrato de prestación de servizos de investimento ou auxiliares, ou á propia prestación do servizo, cando este sexa anterior a aquel:

a) As condicións do contrato;

b) A información exixida no artigo 63 en relación co contrato ou cos servizos de investimento ou auxiliares.

2. As entidades deberanlles proporcionar aos clientes retallistas, incluídos os potenciais, a información

exixida polos artigos 63 a 66 con antelación suficiente á prestación do servizo en cuestión. No caso de clientes profesionais, a información que se subministrará será a exixida nos números 5 e 6 do artigo 65.

Así mesmo, deberán notificar con suficiente antelación calquera cambio importante nesa información que resulte pertinente para un servizo que se lle estea prestando ao cliente en cuestión.

3. A información exixida nos números anteriores deberase proporcionar nun soporte duradeiro ou a través dunha páxina web, sempre que neste segundo caso, cando non se dean as circunstancias para considerala como soporte duradeiro, se cumpran as condicións sinaladas no artigo 3.2. A notificación dos cambios na información proporcionada a que fai referencia o parágrafo segundo do número anterior deberase proporcionar en soporte duradeiro, cando este se utilizou para a remisión da información a que aquela fai referencia.

4. Sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2 anteriores en canto aos clientes retallistas, poderase proporcionar a información alí sinalada inmediatamente despois da realización do correspondente contrato ou, no caso do número 2, inmediatamente despois da prestación do servizo en cuestión cando se dean as seguintes condicións:

a) Que o contrato, por pedimento do cliente, se subscribise utilizando un medio de comunicación a distancia que impida facilitar a información de conformidade co disposto nos números 1 e 2.

b) En calquera caso, aínda que o medio utilizado non fose a telefonía vocal, resultará de aplicación o disposto no artigo 7.3 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, considerando o cliente como consumidor e a empresa como provedor.

5. En calquera caso, a información que se conteña nas comunicacións publicitarias deberá ser coherente con calquera información que a empresa lles proporcione aos seus clientes no curso da prestación dos servizos de investimento e auxiliares.

Así mesmo, a comunicación publicitaria deberá incluír a información que sexa pertinente da mencionada nos artigos 63 a 66 cando conteña unha oferta ou invitación que cumpra o disposto a continuación e inclúa a forma de resposta ou un formulario mediante o cal se poida dar resposta:

a) Cando se trate dunha oferta para subscribir un contrato sobre un instrumento financeiro ou sobre un servizo de investimento ou auxiliar con calquera que responda á comunicación.

b) Cando se trate dunha invitación a quen responda á comunicación a realizar unha oferta para subscribir un contrato sobre un instrumento financeiro ou sobre un servizo de investimento ou auxiliar.

O disposto no parágrafo segundo deste punto non resultará de aplicación cando o potencial cliente retallista, para responder á oferta ou invitación, teña que facer referencia a outro ou outros documentos que, de maneira individual ou no seu conxunto, conteñan a información sinalada no parágrafo segundo.

**Artigo 63. Información sobre a empresa de servizos de investimento e sobre os seus servizos destinada a clientes retallistas.**

1. As entidades que presten servizos de investimento deberanlles proporcionar aos clientes retallistas, incluídos os potenciais, a seguinte información sobre a entidade e sobre os servizos que presta:

a) O nome e enderezo da empresa, así como todos os datos de contacto necesarios para permitir a comunicación efectiva do cliente coa empresa.

b) Os idiomas en que o cliente se poderá comunicar coa empresa e recibir documentos e calquera outra información desta.

c) Os medios de comunicación que se deberán utilizar entre a empresa e o cliente, incluídas, cando proceda, as formas de envío e recepción de ordes.

d) Unha declaración en que se acredite a autorización da entidade, incluídos o nome e enderezo da entidade competente que outorgou a autorización.

e) Cando a empresa actúe a través dun axente, deberase incluír unha declaración ao respecto especificando o Estado membro en que aquel estea rexistrado.

f) A natureza, periodicidade e data dos informes sobre o servizo prestado que a entidade lles debe remitir aos seus clientes de acordo co artigo 79 bis.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

g) Cando a empresa teña no seu poder fondos ou instrumentos financeiros do cliente, unha descrición sucinta das medidas que adopte para asegurar a súa protección, incluídos os datos máis relevantes de calquera sistema pertinente de garantía de depósitos ou de indemnización aos investidores que resulte de aplicación á entidade en virtude das súas actividades.

h) Unha descrición, que poderá ser resumida, da política de conflitos de interese da entidade, de conformidade co disposto no artigo 45. Así mesmo, por pedimento do cliente, en calquera momento, deberase facilitar máis información sobre esta política por medio dun soporte duradeiro ou a través dunha páxina web, sempre que, neste segundo caso, cando non se dean as circunstancias para considerala como soporte duradeiro, se cumpran as condicións sinaladas no artigo 3.2.

2. Cando a empresa preste o servizo de xestión de carteiras de investimento, deberá utilizar un método apropiado de avaliación e comparación, como, por exemplo, un parámetro de referencia significativo baseado nos obxectivos de investimento do cliente e nos tipos de instrumentos financeiros da súa carteira, co fin de que o cliente poida avaliar o resultado obtido pola empresa.

3. Cando a entidade propoña a prestación dun servizo de xestión de carteiras de investimento a un cliente retallista, incluídos os clientes potenciais, deberalle proporcionar, ademais da información indicada no número 1, a seguinte información, cando proceda:

a) Información sobre o método utilizado e a periodicidade na valoración dos instrumentos financeiros da carteira do cliente.

b) De ser o caso, información sobre a delegación da xestión da totalidade ou parte dos instrumentos financeiros do cliente, ou dos seus fondos.

c) Especificación do parámetro de referencia que se vaia utilizar para comparar os resultados da carteira do cliente.

d) Os tipos de instrumentos financeiros que poden incluírse na carteira do cliente, así como os tipos de transaccións que se poidan realizar con eles, incluíndo calquera límite aplicable.

e) Os obxectivos de xestión, o nivel de risco que debe reflectirse na xestión discrecional e calquera limitación específica da citada facultade discrecional.

**Artigo 64. Información sobre os instrumentos financeiros.**

1. As entidades que presten servizos de investimento deberanlles proporcionar aos seus clientes, incluídos os potenciais, unha descrición xeral da natureza e riscos dos instrumentos financeiros, tendo en conta, en particular, a clasificación do cliente como retallista ou profesional. Na descrición deberase incluír unha explicación das caracte-

rísticas do tipo de instrumento financeiro en cuestión e dos riscos inherentes a ese instrumento, dunha maneira suficientemente detallada para permitir que o cliente poida tomar decisións de investimento fundadas.

2. Na explicación dos riscos deberase incluír, cando sexa xustificable en función do tipo de instrumento financeiro en cuestión e dos coñecementos e perfil do cliente, a seguinte información:

a) Os riscos conexos a ese tipo de instrumento financeiro, incluída unha explicación do aparcamento e dos seus efectos, e o risco de perda total do investimento.

b) A volatilidade do prezo dese tipo de instrumento financeiro e calquera limitación do mercado, ou mercados, en que poida negociarse.

c) A posibilidade de que o investidor asuma, ademais do custo de adquisición do instrumento financeiro en cuestión, compromisos financeiros e outras obrigas adicionais, incluídas posibles responsabilidades legais, como consecuencia da realización de transaccións sobre ese instrumento financeiro.

d) Calquera marxe obrigatoria que se establecese ou outra obriga similar aplicable a ese tipo de instrumentos.

3. Cando a entidade lle proporcione a un cliente retalista, incluídos os potenciais, información sobre un instrumento financeiro que sexa obxecto nese momento dunha oferta pública suxeita á obriga de elaborar folleto, de acordo co disposto no artigo 30 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, deberalle comunicar a data en que o folleto se porá á disposición do público.

4. Cando sexa probable que os riscos asociados a un instrumento financeiro composto por dous ou máis instrumentos ou servizos financeiros sexan maiores que o risco asociado a cada un deses instrumentos ou servizos individualmente considerados, deberase proporcionar unha descrición adecuada de cada un dos instrumentos ou servizos que integran o instrumento financeiro en cuestión e unha explicación da forma en que a interacción entre os distintos compoñentes dese instrumento financeiro aumentan os riscos.

5. Cando o instrumento financeiro incorpore unha garantía dun terceiro, deberase proporcionar información suficiente sobre o garante e a garantía para que o cliente retalista, incluído o potencial, poida valorar razoablemente a garantía achegada.

#### Artigo 65. *Requisitos de información con vistas á salvagarda dos instrumentos financeiros ou os fondos dos clientes.*

1. As entidades que prestan servizos de investimento e que manteñan instrumentos financeiros ou fondos dos seus clientes deberanlles proporcionar aos seus clientes retalistas, incluídos os potenciais, a información contida neste artigo que resulte pertinente. No caso de clientes profesionais, deberase proporcionar a información descrita nos números 5 e 6.

2. Informarase o cliente da posibilidade de que os instrumentos financeiros ou os fondos sexan depositados nun terceiro por conta da entidade, así como da súa responsabilidade, en virtude da lexislación nacional aplicable, por calquera acto ou omisión do terceiro, e das consecuencias para o cliente da insolvencia dese terceiro.

3. Cando, no caso de instrumentos financeiros depositados no estranxeiro, estes se encontren depositados nunha conta global dun terceiro, deberase informar previamente o cliente ao respecto, debendo advertilo de forma clara dos riscos resultantes.

4. Cando, de acordo coa lexislación do Estado en que estean depositados os instrumentos financeiros, non sexa posible diferenciar os instrumentos financeiros dos clientes en poder dun terceiro daqueles dos que sexa titular ese terceiro, cumprirá informar o cliente ao respecto,

incluíndo unha advertencia ben visible sobre os riscos resultantes.

5. Cando as contas que conteñan fondos ou instrumentos financeiros do cliente vaian estar suxeitas ao ordenamento xurídico dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, deberase informar o cliente ao respecto, indicando que como consecuencia diso os dereitos do cliente sobre os instrumentos financeiros ou os fondos poden ser distintos que se estivesen suxeitos á lexislación dun Estado membro.

6. Informarase o cliente da existencia e as condicións de calquera dereito de garantía ou gravame que a empresa, ou se é o caso o depositario, teña ou poida ter sobre os instrumentos financeiros e os fondos dos clientes, ou de calquera dereito de compensación que a empresa, ou se é o caso o depositario, posúa en relación con eses instrumentos ou fondos.

7. Antes de realizar operacións de financiamento de valores relacionadas cos instrumentos financeiros dun cliente, ou de utilizalos de calquera outro xeito, por conta propia ou por conta doutro cliente, nos termos dispostos no artigo 42, deberalle proporcionar ao cliente, con suficiente antelación e en soporte duradeiro, información clara, completa e precisa sobre as obrigas e responsabilidades da empresa en canto á utilización deses instrumentos, incluídas as condicións para a súa restitución e sobre os riscos inherentes.

#### Artigo 66. *Información sobre custos e gastos asociados.*

Aos clientes retalistas, incluídos os potenciais, deberáselles proporcionar a seguinte información:

a) O prezo total que o cliente deberá pagar polo instrumento financeiro, o servizo de investimento ou o servizo auxiliar, incluíndo todos os honorarios, comisións, custos e gastos asociados, e todos os impostos a liquidar a través da empresa de servizos de investimento. Cando non se poida indicar un prezo exacto, deberase comunicar a base de cálculo do prezo total para que o cliente o poida verificar.

En calquera caso, as comisións cobradas pola empresa consignaranse por separado en cada caso.

b) Cando unha parte do prezo total deba pagarse nunha divisa distinta do euro, cumprirá indicar a divisa en cuestión e o contravalor e custos aplicables.

c) Unha advertencia da posibilidade de que xurdan outros custos para o cliente, incluído o pagamento de impostos, como consecuencia de transaccións vinculadas ao instrumento financeiro ou ao servizo en cuestión e que non se paguen a través da empresa de servizos de investimento nin sexan estipulados por ela.

d) As modalidades de pagamento, así como calquera outra cuestión que, directa ou indirectamente, repercuta sobre o prezo que se deberá pagar polo instrumento financeiro ou o servizo en cuestión.

#### Artigo 67. *Información elaborada de conformidade co disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

No caso de participacións ou accións de institucións de investimento colectivo, considerárase información suficiente sobre os instrumentos financeiros e as estratexias de investimento propostas e sobre os custos e gastos asociados que se refiran á institución de investimento colectivo, incluídas as comisións de subscripción ou adquisición e de reembolso ou alleamento, para os efectos do disposto no artigo 79 bis.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a elaboración do folleto simplificado exixido en virtude do artigo 17 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

**Artigo 68. Información sobre a execución de ordes non relacionadas co servizo de xestión de carteiras.**

1. Cando as entidades que presten servizos de investimento executen unha orde por conta dun cliente, non relacionada co servizo de xestión de carteiras, deberán adoptar as seguintes medidas:

a) Deberanlle proporcionar ao cliente de maneira inmediata, nun soporte duradeiro, a información esencial sobre a execución da orde.

b) Cando se trate dun cliente retallista, deberanlle enviar un aviso co contido sinalado no punto seguinte, confirmando a execución da orde tan axiña como sexa posible e, como máis tarde, o primeiro día hábil seguinte ao da execución da orde ou, cando a empresa reciba a confirmación dun terceiro, ao da recepción da confirmación do terceiro. Agora ben, o disposto nesta alínea non resultará de aplicación cando o cliente deba recibir de maneira inmediata unha confirmación idéntica á sinalada nesta alínea remitida por outra persoa.

O disposto nas dúas alíneas anteriores non resultará de aplicación cando as ordes executadas por conta dun cliente se refiran a bonos que financien contratos de préstamo hipotecario dese cliente, caso en que o informe sobre a transacción se proporcionará ao mesmo tempo que se comunican as cláusulas do préstamo pero nunca máis tarde dun mes despois da execución da orde.

Así mesmo, as entidades deberanlle facilitar ao cliente, cando este o solicite, información sobre a situación da súa orde.

2. O aviso sinalado na alínea b) do número anterior conterá a seguinte información, en canto resulte aplicable e, cando proceda, de conformidade co cadro 1 do anexo I do Regulamento 1287/2007, polo que se aplica a Directiva 2004/39/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás obrigas das empresas de servizos de investimento de levar un rexistro, a información sobre as operacións, a transparencia do mercado, a admisión a negociación de instrumentos financeiros e termos definidos para efectos da devandita directiva:

- a) Identificación da empresa que informa.
- b) O nome ou outra designación do cliente.
- c) A data e hora de execución.
- d) O tipo de orde.
- e) A identificación do centro de execución e do instrumento financeiro.
- f) O indicador de compra ou venda ou a natureza da orde se non é de compra ou venda.
- g) O volume, o prezo unitario e a contraprestación total. En canto ao volume, cando a orde se execute por tramos, poderase proporcionar información sobre o prezo de cada tramo ou sobre o prezo medio. Se se proporciona información sobre o prezo medio, deberase informar do prezo de cada tramo se o cliente o solicita expresamente.
- h) A suma total das comisións e gastos repercutidos, incluíndo, sempre que o cliente o solicite, unha desagregación detallada de tales gastos e comisións.
- i) As responsabilidades do cliente en relación coa liquidación da operación, incluído o prazo de entrega ou pagamento e os datos oportunos da conta, cando non se lle comunicasen previamente tales datos e responsabilidades.
- j) Cando a contraparte do cliente sexa a propia entidade que presta o servizo de investimento, ou outra persoa do seu grupo, ou ben outro cliente da empresa, deberase comunicar esta circunstancia salvo cando a orde se execute a través dun sistema de negociación que facilite a negociación anónima.

A información sinalada neste número poderase proporcionar utilizando códigos estándar sempre que se facilite tamén unha explicación destes códigos.

3. Cando se trate de ordes de clientes retallistas sobre participacións e accións de institucións de investimento colectivo admitidas a negociación en mercados regulados ou en sistemas multilaterais de negociación que se executen periodicamente, as empresas poderán optar por cumprir en cada caso o disposto na alínea b) do número 1 deste artigo, ou ben por facilitar, polo menos semestralmente, esa información en relación con todas as operacións executadas, co contido establecido no número anterior.

**Artigo 69. Información sobre o servizo de xestión de carteiras.**

1. Cando as entidades que presten servizos de investimento presten o servizo de xestión de carteiras, deberán proporcionar a cada cliente, nun soporte duradeiro, un estado periódico das actividades de xestión de carteira levadas a cabo por conta do cliente, salvo cando ese estado sexa facilitado por outra persoa.

2. Cando se trate de clientes retallistas, o estado deberá incluír, cando proceda, a seguinte información:

- a) A denominación da entidade.
- b) A denominación ou outra designación da conta do cliente.
- c) Información sobre o contido e valoración da carteira, incluíndo datos sobre cada instrumento financeiro, o seu valor de mercado ou, no seu defecto, o valor razoable e o saldo de caixa ao principio e ao final do período a que se refire a información, así como o rendemento da carteira durante ese período.
- d) A contía total dos honorarios e gastos xerados durante o período a que se refire a información, detallando polo menos o total dos honorarios de xestión e dos gastos totais asociados á execución, incluíndo, cando proceda, unha declaración que indique que se poderá facilitar unha desagregación máis detallada por pedido do cliente.
- e) Se é o caso, unha comparación entre o rendemento da carteira durante o período a que se refire a información e o indicador de referencia do rendemento do investimento acordado entre a empresa e o cliente.
- f) A contía total de dividendos, xuros e outros pagamentos recibidos en relación coa carteira do cliente durante o período a que se refire a información, así como información sobre calquera outra operación de sociedades que outorgue dereitos en relación cos instrumentos financeiros da carteira.
- g) Para cada transacción executada durante o período a que se refire a información, a información mencionada no artigo 68.4, alíneas c) a g), cando proceda. O disposto nesta letra non resultará de aplicación cando o cliente prefira recibir información individual sobre cada transacción executada, caso en que se lle deberá facilitar inmediatamente a información esencial sobre cada transacción nun soporte duradeiro e, ademais, se lle enviará ao cliente retallista un aviso que confirme a transacción, co contido indicado no número 4 do artigo 68, como máis tarde o primeiro día hábil seguinte ao da execución ou, cando a empresa reciba a confirmación dun terceiro, de forma inmediata á recepción da citada confirmación e nunca máis tarde do primeiro día hábil seguinte a esta. Agora ben, non resultará exixible o envío do aviso cando o cliente deba recibir de maneira inmediata unha confirmación idéntica a tal aviso remitida por outra persoa.

3. Cando se trate de clientes retallistas, a entidade deberá remitir o estado periódico con carácter semestral salvo cando se dean as seguintes circunstancias:

- a) Que o cliente solicite a remisión trimestral. Para tal efecto, a entidade deberá informar o cliente desta posibilidade.

b) Cando, de conformidade co disposto na alínea g) do número anterior, o cliente solicite recibir información individual de cada transacción executada, a remisión do estado periódico deberá ser, como mínimo, anual, salvo cando se trate de transaccións sobre os instrumentos financeiros sinalados nos números 2 a 8 do artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, caso en que será semestral.

c) Cando, en virtude do contrato de xestión de carteira, se permita unha carteira apancada, o estado deberá remitirse con carácter mensual.

4. Así mesmo, cando as entidades que prestan servizos de investimento executen operacións de xestión de carteira para os seus clientes retallistas ou operen contas destes que inclúan unha posición en descuberto sen garantías nunha operación con responsabilidade continxente, deberán informar o cliente de calquera perda que supere o limiar previamente determinado entre a empresa e o cliente, como máis tarde ao final do día en que se supere o limiar ou, se ocorre nun día inhábil, do primeiro día hábil seguinte.

#### Artigo 70. *Información sobre os estados de instrumentos financeiros ou dos fondos dos clientes.*

1. Cando as entidades que presten servizos de investimento manteñan instrumentos financeiros ou fondos dos seus clientes, salvo no caso de depósitos de efectivo mantidos polas entidades de crédito, deberánlles remitir, en soporte duradeiro e con carácter anual, un estado de tales instrumentos ou fondos, agás cando xa se lles proporcionase esa información noutro estado periódico.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, as entidades que presten o servizo de xestión de carteiras poderán incluír este estado no estado periódico a que se fai referencia no número 1 do artigo 69.

2. O estado deberá incluír a seguinte información:

a) Datos de todos os instrumentos financeiros e fondos mantidos pola entidade por conta do cliente ao final do período abranguido polo estado. Cando a carteira dun cliente inclúa os ingresos dunha ou máis operacións non liquidadas, poderase utilizar como referencia a data de negociación ou a data de liquidación, sempre que se aplique a mesma data a toda a información dese tipo que apareza no estado.

b) Se é o caso, as operacións de financiamento de valores en que fosen utilizados os instrumentos financeiros ou fondos dos clientes e o alcance do beneficio xerado a favor do cliente pola participación nesa operación de financiamento e a base de xeración dese beneficio.

## CAPÍTULO II

### Tarifas aplicables ás comisións

#### Artigo 71. *Réxime das tarifas.*

1. As entidades que presten servizos de investimento establecerán libremente as súas tarifas máximas de comisións e gastos repercutibles en relación coas actividades enumeradas no artigo 63 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

2. Deberanse establecer tarifas para todas as operacións que a entidade realice habitualmente, podendo excluír aquelas derivadas de servizos financeiros de carácter singular nos supostos que a Comisión Nacional do Mercado de Valores determine.

3. As tarifas establecidas en virtude do número anterior deberanse incluír nun folleto cuxo contido determinará o ministro de Economía e Facenda, e cuxos modelos serán elaborados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e polo Banco de España, no caso do Mercado de Débeda Pública en anotacións, debendo redactarse de

forma clara, concreta e facilmente comprensible pola clientela.

4. Habilítase o ministro de Economía e Facenda para desenvolver o disposto neste artigo e calquera outro aspecto relevante relativo ao réxime de tarifas das entidades que prestan servizos de investimento, incluído o réxime de publicidade destas.

## CAPÍTULO III

### Avaliación da idoneidade e da conveniencia

#### Artigo 72. *Avaliación da idoneidade.*

Para os efectos do disposto no artigo 79 bis. 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten o servizo de asesoramento en materia de investimentos ou de xestión de carteiras deberán obter dos seus clientes, incluídos os potenciais, a información necesaria para que poidan comprender os datos esenciais dos seus clientes e para que poidan dispor dunha base razoable para pensar, tendo en conta debidamente a natureza e o alcance do servizo prestado, que a transacción específica que debe recomendarse, ou que debe realizarse ao prestar o servizo de xestión de carteira, cumpre as seguintes condicións:

a) Responde aos obxectivos de investimento do cliente en cuestión. Neste sentido, incluírase, cando proceda, información sobre o horizonte temporal desexado para o investimento, as súas preferencias en relación coa asunción de riscos, o seu perfil de riscos e as finalidades do investimento.

b) É de tal natureza que o cliente pode, desde o punto de vista financeiro, asumir calquera risco de investimento que sexa coherente cos seus obxectivos de investimento. Cando se lle preste o servizo de asesoramento en materia de investimentos a un cliente profesional dos enumerados nas alíneas a) a d) do artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a entidade poderá asumir que o cliente pode soportar financeiramente calquera risco de investimento para os efectos do disposto nesta letra.

Así mesmo, a información relativa á situación financeira do cliente incluírá, cando proceda, información sobre a orixe e o nivel dos seus ingresos periódicos, os seus activos, incluíndo os seus activos líquidos, investimentos e bens inmoables, así como os seus compromisos financeiros periódicos.

c) É de tal natureza que o cliente conta coa experiencia e os coñecementos necesarios para comprender os riscos que implica a transacción ou a xestión da súa carteira. No caso de clientes profesionais, a entidade terá dereito a asumir que o cliente ten os coñecementos e experiencia necesarios para efectos do disposto nesta alínea en canto aos produtos, servizos e transaccións para os cales estea clasificado como cliente profesional.

Cando a entidade non obteña a información sinalada nas alíneas anteriores, non lle poderá recomendar servizos de investimento ou instrumentos financeiros ao cliente ou posible cliente nin xestionar a súa carteira.

#### Artigo 73. *Avaliación da conveniencia.*

Para os efectos do disposto no artigo 79 bis.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento distintos dos previstos no artigo anterior deberán determinar se o cliente ten os coñecementos e experiencia necesarios para comprender os riscos inherentes ao produto ou o servizo de investimento ofertado ou demandado. Neste sentido, a entidade poderá asumir que os seus clientes profesionais teñen a experiencia e coñecementos necesarios para comprender os riscos inherentes a eses servizos de investimento e produtos



concretos, ou aos tipos de servizos e operacións para os cales estea clasificado como cliente profesional.

**Artigo 74. Disposicións comúns ás avaliacións de idoneidade e conveniencia.**

1. Para os efectos do disposto nos dous artigos anteriores, a información relativa aos coñecementos e experiencia do cliente incluírá os datos enumerados a seguir, na medida en que resulten apropiados á natureza do cliente, á natureza e alcance do servizo que se vai prestar e ao tipo de produto ou transacción previstos, incluíndo a complexidade e os riscos inherentes:

- a) Os tipos de instrumentos financeiros, transaccións e servizos con que estea familiarizado o cliente.
- b) A natureza, o volume e a frecuencia das transaccións do cliente sobre instrumentos financeiros e o período durante o que se realizasen.
- c) O nivel de estudos, a profesión actual e, se é o caso, as profesións anteriores do cliente que resulten relevantes.

2. En ningún caso as entidades incitarán os seus clientes para que non lles faciliten a información prevista nos números 6 e 7 do artigo 79 bis da Lei/1988, do 28 de xullo.

3. Así mesmo, as entidades terán dereito a confiar na información subministrada polos seus clientes, salvo cando saiban, ou deban saber, que está manifestamente desfasada ou ben é inexacta ou incompleta.

## CAPÍTULO IV

### Documentos contractuais

**Artigo 75. Contido do contrato.**

Para os efectos do disposto no artigo 79 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, no contrato que se realice entre a entidade e o seu cliente, os dereitos e obrigas das partes poderanse incluír mediante unha referencia a outros documentos ou textos legais.

**Artigo 76. Contratos tipo.**

O ministro de Economía e Facenda determinará os supostos en que a existencia de contratos tipo ou contratos reguladores das actividades ou operacións de que se trate será obrigatoria para as entidades que presten servizos de investimento a clientes retallistas. Así mesmo, o ministro de Economía e Facenda determinará o contido mínimo de tales contratos e, se é o caso, o seu réxime de publicidade e os demais aspectos que se consideren relevantes.

## CAPÍTULO V

### Execución óptima (obtención do mellor resultado posible)

**Artigo 77. Criterios de mellor execución.**

1. Para os efectos do disposto no artigo 79 sexies.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades deberán ter en conta os seguintes criterios á hora de determinar a importancia relativa que deberán dar a cada un dos factores indicados nese artigo:

- a) O perfil do cliente, incluída a súa clasificación como cliente retallista ou profesional.
- b) As características da orde dada polo cliente.
- c) As características do instrumento financeiro obxecto da orde.
- d) As características dos centros de execución a que pode dirixirse a orde. Para tales efectos, entenderase por centro de execución un mercado regulado, sistema multi-

lateral de negociación, internalizador sistemático, creador de mercado ou outro provedor de liquidez, así como as entidades que desempeñen en países terceiros funcións similares ás realizadas polas entidades anteriores.

2. Para efectos do disposto no primeiro parágrafo do artigo 79 sexies.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, tamén se considerará que a entidade cumpre coa obriga de obter o mellor resultado posible cando a entidade execute un aspecto concreto dunha orde seguindo unha instrución específica do cliente sobre ese aspecto concreto.

3. Para efectos do disposto no segundo parágrafo do artigo 79 sexies.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, cando exista máis dun centro posible para a execución da orde, teranse en conta para determinar o mellor resultado posible as comisións e custos que para a entidade se xeren da execución en cada un dos centros a que teña acceso e que fosen detallados na súa política. Para tal efecto, as entidades non poderán estruturar nin cargar as súas comisións de maneira que discriminen inxustamente uns centros fronte a outros.

**Artigo 78. Política de execución de ordes.**

1. Para os efectos do disposto no artigo 79 sexies.2 e 5 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades que presten servizos de investimento deberán revisar a súa política e os seus contratos de execución de ordes con carácter anual, ou en calquera momento en que se produza un cambio importante que afecte a capacidade da entidade para seguir obtendo os mellores resultados posibles na execución das ordes dos seus clientes utilizando os centros incluídos na súa política.

2. No caso de clientes retallistas, as entidades deberánlles subministrar, con suficiente antelación á prestación do servizo, a seguinte información nun soporte duradeiro ou a través dunha páxina web, sempre que neste segundo caso, cando non se dean as circunstancias para considerala como soporte duradeiro, se cumpran as condicións sinaladas no artigo 3.2:

a) Unha explicación da importancia relativa que a entidade outorga, en función dos criterios definidos no número 1 do artigo 77, aos factores establecidos no artigo 79 sexies.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou, se é o caso, unha descrición do procedemento polo que a empresa determina a importancia relativa dos citados factores.

b) A lista dos centros de execución que a entidade considera que lle permitirán obter, de forma sistemática, o mellor resultado posible para o cliente.

c) Unha advertencia clara e visible de que calquera instrución específica dun cliente pode impedir que a entidade adopte as medidas incluídas na súa política de execución para obter o mellor resultado posible para os seus clientes, en relación cos elementos incluídos nesas instrucións.

**Artigo 79. Deber de actuar en defensa do mellor interese para os seus clientes na execución de ordes cando se prestan os servizos de xestión de carteira e de recepción e transmisión de ordes.**

1. As entidades que presten os servizos de xestión de carteira e de recepción e transmisión de ordes deberán actuar en defensa do mellor interese para os seus clientes cando lles dean ordes de execución a outras entidades por conta dos seus clientes ou cando transmitan as ordes destes a outras entidades para a súa execución, debendo cumprir o disposto neste artigo.

Agora ben, estas entidades non se suxeitarán ao disposto neste artigo, senón ao artigo 79 sexies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e ás súas disposicións de desenvolvemento, cando elas mesmas leven a cabo a execución das

ordes recibidas ou a adopción das decisións de negociación por conta da carteira dos seus clientes.

2. As entidades adoptarán as medidas razoables para obter o mellor resultado posible para os seus clientes tendo en conta os factores descritos no artigo 79 sexies.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo. A importancia relativa de cada un dos factores determinarase de acordo co disposto no número 1 do artigo 77 e, no caso de clientes retallistas, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 79 sexies. 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e no número 3 do artigo 77 deste real decreto.

Cando a entidade siga instrucións específicas do seu cliente ao dar ou transmitir unha orde, considerarase que actúa en defensa do mellor interese do seu cliente sen que resulte de aplicación o disposto no parágrafo anterior.

3. As entidades deberán adoptar unha política que lles permita cumprir o disposto no número anterior, especificando, para cada tipo de instrumento financeiro, as entidades ás que dá ou transmite ordes para a súa execución, debendo facilitarlles aos seus clientes a oportuna información sobre esa política.

Así mesmo, as entidades designadas deberán ter procedementos e medidas de execución que permitan que aquelas poidan cumprir o disposto neste artigo cando lles dean ou transmitan unha orde para a súa execución.

As entidades deberán comprobar periodicamente a eficacia da súa política, con especial atención á calidade de execución das entidades designadas, debendo solucionar toda deficiencia que, se é o caso, xurda. Ademais, deberá proceder a unha revisión da política con carácter anual, ou en calquera momento en que se produza un cambio importante que afecte a capacidade da entidade para seguir lles ofrecendo aos seus clientes os mellores resultados posibles.

## CAPÍTULO VI

### Tramitación de ordes de clientes

#### Artigo 80. *Principios xerais.*

1. As entidades que presten servizos de investimento deberán cumprir os seguintes requisitos cando executen as ordes dos seus clientes:

a) Deberanse asegurar de que as ordes executadas por conta dos seus clientes se rexistran e atribúen con rapidez e precisión.

b) Deberán executar as ordes similares de clientes de forma secuencial e rápida, salvo cando as características da orde ou as condicións existentes no mercado non o permitan, ou cando os intereses do cliente exixan outra forma de actuar.

c) Deberán informar de maneira inmediata o cliente retallista sobre calquera dificultade relevante que xurda para a debida execución da orde.

d) Cando a entidade sexa responsable da supervisión ou da realización da liquidación da orde executada, deberá adoptar todas as medidas razoables para garantir que os instrumentos financeiros ou os fondos recibidos do cliente para a liquidación da orde se asignan de forma rápida e correcta á conta do cliente correspondente.

e) Non poderán facer un uso inadecuado da información de que dispoñan sobre as ordes pendentes dos seus clientes, e deberán adoptar todas as medidas razoables para evitar o uso inadecuado da citada información por parte das súas persoas competentes.

2. As entidades deberán adoptar medidas para facilitar a execución máis rápida posible das ordes de clientes a prezo limitado respecto de accións admitidas a negociación nun mercado regulado que non sexan executadas inmediatamente nas condicións existentes no mercado.

Para iso as empresas deberán, a menos que o cliente indique outra cousa, facer pública inmediatamente esa orde do cliente a prezo limitado, de forma que outros participantes do mercado poidan acceder facilmente a esta. Entenderase que a empresa cumpre esta obriga transmitindo as ordes de clientes a prezo limitado a un mercado regulado e/ou a un sistema multilateral de negociación. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximir da obriga de publicar a información sobre as ordes a prezo limitado cuxo volume poida considerarse grande en comparación co volume estándar de mercado, de acordo co establecido no artigo 43.2, último parágrafo da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

#### Artigo 81. *Acumulación e atribución de ordes.*

As entidades que presten servizos de investimento só poderán executar as ordes de clientes acumulándoas ás doutros clientes ou ás transaccións por conta propia cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que resulte improbable que a acumulación prexudique en conxunto ningún dos clientes cuxas ordes se acumulan.

b) Que sexa informado cada un dos clientes afectados que, como resultado da acumulación de ordes, se poden ver prexudicados en relación cunha orde concreta.

c) Que se adopte e se aplique de maneira efectiva unha política de atribución de ordes que prevexa de maneira precisa a atribución equitativa de ordes e transaccións acumuladas, especificando como a relación entre volume e prezo das ordes determina as atribucións e o tratamento das execucións parciais. Deberanse incluír nesta política procedementos concibidos para evitar a reatribución, de forma prexudicial para os clientes, das operacións por conta propia que se executen en combinación coas ordes dos clientes.

d) Que, cando se acumulen ordes de varios clientes e a orde acumulada só se execute parcialmente, se atribúan as operacións de conformidade coa súa política de xestión de ordes.

e) Que, cando se acumulen ordes dun ou varios clientes con transaccións por conta propia, non se atribúan as operacións de maneira que resulte prexudicial para un cliente.

f) Que, cando se acumule a orde dun cliente cunha transacción por conta propia e a orde acumulada se execute parcialmente, se atribúan as operacións con prioridade ao cliente sobre a entidade salvo cando esta poida demostrar, de maneira razoable, que sen a acumulación non se podería ter executado a orde, ou ben non se podería ter feito en termos tan vantaxosos, caso en que poderá atribuírse proporcionalmente a transacción por conta propia de conformidade co disposto na alínea c) anterior.

#### Disposición adicional única. *Das comunicacións de operacións sobre instrumentos financeiros.*

1. Conforme o disposto no artigo 59 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito que executen operacións sobre instrumentos financeiros deberánlle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a identidade dos clientes por conta dos cales executasen as súas operacións.

A comunicación realizarase polas canles técnicas e cos formatos que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores, e deberá realizarse non máis tarde do día hábil seguinte ao da execución da operación.

2. Para os efectos deste artigo, considerarase cliente quen, no rexistro contable dos instrumentos financeiros, se vaia converter en titular ou cuxa titularidade se vaia ver afectada como consecuencia da operación. Caso de non

dispor da identificación do cliente nese momento, comunicarse a identidade da entidade financeira ordenante da operación.

A identificación conterá o nome e apelidos ou razón social do cliente. Cando se trate de varios clientes, identificarase cada un deles e detallarase o importe ou número de instrumentos financeiros que a cada un lle corresponde. Así mesmo, incluirá para cada persoa un código de identificación, que será o número de identificación fiscal no caso de persoas físicas residentes e o código de identificación fiscal no de persoas xurídicas residentes.

3. Cando a entidade obrigada a comunicar o faga a través dalgún dos medios indirectos a que se refire o número 2 do artigo 59 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, asegurárase de que se gardan as obrigas de confidencialidade máis estritas respecto dos datos contidos nas comunicacións e, en especial, dos relativos á identificación dos clientes, respectando en todo caso o disposto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer códigos ou formatos de identificación suplementarios para os casos de persoas, como os menores de idade ou os que non teñan o seu domicilio fiscal en España, que carezan dos mencionados no número 2 anterior, así como especificacións técnicas dos envíos das comunicacións e procedementos para a súa adecuada recepción e tratamento.

*Disposición transitoria primeira. Prazo de adaptación para empresas dedicadas ao asesoramento financeiro.*

As empresas que, na data de entrada en vigor deste real decreto, viñesen desenvolvendo a actividade de asesoramento en materia de investimento deberán solicitar a correspondente autorización e inscrición no rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

*Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio aplicable ás comunicacións de operacións sobre instrumentos financeiros.*

Durante os doce meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer prazos de comunicación distintos dos establecidos no artigo 59 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e na disposición adicional única deste real decreto, co fin de permitir a adaptación gradual dos sistemas das entidades obrigadas.

*Disposición derogatoria única. Cláusula derogatoria.*

1. Quedan derogados:

a) O Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento, salvo os artigos 35 a 37.

b) O Real decreto 629/1993, do 3 de maio, sobre normas de actuación nos mercados de valores e rexistros obrigatorios.

c) As seccións terceira e quinta da Orde ministerial do 25 de outubro de 1995, de desenvolvemento parcial do Real decreto 629/1993, do 3 de maio, de normas de actuación nos mercados de valores e rexistros obrigatorios.

d) Os puntos segundo e terceiro da Orde do 7 de outubro de 1999, de desenvolvemento do código xeral de conduta e normas de actuación na xestión de carteiras de investimento.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

*Disposición derradeira primeira. Habilitacións competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

*Disposición derradeira segunda. Habilitacións normativas.*

O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán ditar as disposicións precisas para a debida execución deste real decreto.

*Disposición derradeira terceira. Modificación do Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

O Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Dáselle nova redacción á letra h) do número 1 do artigo 36 (Activos aptos para o investimento), nos seguintes termos:

«h) Os instrumentos do mercado monetario, sempre que sexan líquidos e teñan un valor que poida determinarse con precisión en todo momento, non negociados nun mercado ou sistema de negociación que cumpra os requisitos sinalados na alínea a), sempre que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

1.º Que estean emitidos ou garantidos polo Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais, o Banco de España, o Banco Central Europeo, a Unión Europea, o Banco Europeo de Investimentos, o banco central dalgún dos Estados membros, calquera Administración pública dun Estado membro, un país terceiro ou, no caso de Estados federais, por un dos membros integrantes da federación, ou por un organismo público internacional ao cal pertencen un ou máis Estados membros.

2.º Que estean emitidos por unha empresa cuxos valores se negocien nun mercado que cumpra os requisitos sinalados na alínea a).

3.º Que estean emitidos ou garantidos por unha entidade suxeita a supervisión prudencial.

4.º Que estean emitidos por entidades pertencentes ás categorías que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Para os efectos desta alínea h), consideraranse instrumentos do mercado monetario os instrumentos financeiros que satisfagan un dos seguintes criterios:

i) que, na data de emisión, teñan un vencemento inferior ou igual a 397 días;

ii) que teñan un vencemento residual inferior ou igual a 397 días;

iii) que estean suxeitos a axustes de rendemento periódicos, de acordo coas condicións do mercado monetario, polo menos unha vez cada 397 días;

iv) que o seu perfil de risco, incluídos os riscos de crédito e de tipo de xuro, corresponda ao de instrumentos financeiros cun vencemento como o previsto nos incisos i) ou ii), ou estean suxeitos a axustes de rendemento segundo o previsto no inciso iii).

Ademais, consideraranse líquidos sempre que poidan venderse a un custo limitado nun prazo razoablemente breve, tendo en conta a obriga da institución de investimento colectivo de recomprar

ou reembolsar as súas participacións ou accións por pedimento de calquera partícipe ou accionista.»

Dous. Dáselle nova redacción ao artigo 97 (Código xeral de conduta), nos seguintes termos:

«Artigo 97. *Aplicación do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

1. Será aplicable ás persoas e entidades enumeradas no artigo anterior o título IV (normas de conduta aplicables aos que presten servizos de investimento) do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

2. Para efectos do disposto no número anterior, habilitase o ministro de Economía e Facenda para, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, desenvolver e adaptar o establecido no citado real decreto no necesario ás especificidades propias da actividade no ámbito do investimento colectivo.»

Tres. O número 2 do artigo 98 (Regulamento interno de conduta) queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os regulamentos internos de conduta deberán estar inspirados nos principios citados nas normas a que se refire o artigo 65 da lei e no título IV (normas de conduta aplicables aos que presten servizos de investimento) do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Catro. Engádesse un artigo 98 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 98 bis. *Asignación de operacións.*

Os procedementos de control interno das entidades a que se refire o artigo anterior deberán permitir acreditar que as decisións de investimento a favor dunha determinada institución de investimento colectivo, ou cliente, se adoptan con carácter previo á transmisión da orde ao intermediario. Así mesmo, debe dispor de criterios, obxectivos e preestablecidos, para a distribución ou desagregación de operacións que afecten varias institucións de investimento colectivo, ou clientes, que garantan a equidade e non-discriminación entre eles.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 47/2007, do 19 de decembro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2006/73/CE da Comisión pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de investimento e termos definidos para efectos da devandita directiva, e tamén se traspoñen os artigos 3 e 4.1 da Directiva 2007/16/CE da Comisión, do 19 de marzo de 2007, que establece disposicións de aplicación da Directiva 85/611/CEE do Consello, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios no que se refire á aclaración de determinadas definicións.

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**2935** *REAL DECRETO 35/2008, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. («BOE» 42, do 18-2-2008.)*

O Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas vixente foi aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. Desde que entrou en vigor, a súa aplicación e a experiencia adquirida puxeron de manifesto a existencia dunha serie de aspectos mellorables e de deficiencias que aconsellan a súa revisión. Así mesmo, as leis que constitúen o seu marco de referencia, é dicir, a Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, e a Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, foron modificadas mediante a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, e a Lei 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril.

A liberalización do mercado eléctrico puxo de manifesto a necesidade de ter en conta a súa posible incidencia sobre a seguranza das instalacións nucleares relacionadas coa xeración eléctrica, polo que se incluíu entre as responsabilidades do titular a de velar de forma continua por incorporar as novas técnicas que permitan levar a cabo a xestión baixo os referentes de seguranza máis actualizados.

Así mesmo, establécense mecanismos de coordinación coas administracións competentes para autorizar instalacións e actividades que polas súas características e situación poidan supoñer un impacto sobre unha instalación nuclear ou radioactiva de primeira categoría.

Previuse a exigencia do establecemento, por parte do titular, dun procedemento para que o persoal da instalación, e tamén o das empresas contratadas e o das externas que prestan os seus servizos nela, cumpra co deber de pñer en coñecemento dos titulares calquera feito coñecido que afecte ou poida afectar o funcionamento seguro delas e o cumprimento da normativa vixente en materia de seguranza nuclear ou protección radiolóxica.